

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 1**

### **CONTINUACIÓN DA SESION ORDINARIA 30 DE XANEIRO DE 2013**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Velo Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Alonso Alonso, Alexia María  
Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Pérez Dávila, Alejandro  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### NON ASISTE:

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día trinta de xaneiro do ano dous mil trece, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Alonso, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, López Font, Pérez Dávila, Regades Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Velo Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excmo. Corporación en sesión ORDINARIA CONTINUACIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE XANEIRO conforme á convocatoria e segundo a

orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Luis García Álvarez.

A PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros. Iniciamos o Pleno do Concello en sesión ordinaria para o día de hoxe ás oito horas e trinta e cinco minutos, convocada por orde do día do 28 de xaneiro que obra en poder dos señores e señoras concelleiros e concelleiras. Ábrese sesión pública e constátase quórum.

*Durante a intervención do Sr. Fidalgo Iglesias producíronse varias alteracións da orde no salón de Plenos por berros e intervencións dun grupo de persoas presentes.*

A PRESIDENCIA: Suspéndese a sesión pola imposibilidade de continuar, debido aos berros e intervencións do público presente na sala.

Sendo as 8,48 horas.

Despois de conversas cos voceiros dos grupo políticos municipais acórdase que continúe a sesión ás 16,00 horas.

Reiníciase a sesión ás 16,13 horas.

### **3.5(6).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO PROXECTO DE ORZAMENTO DO CONCELLO DE VIGO E OS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS, EXERCICIO 2013. EXPTE. 24/142 (588/1101).**

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe proposta presentado con data 18 de xaneiro de 2013 pola concelleira delegada de Economía e Facenda:

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 27 de

decembro de 2012, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e os dos seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes, para o ano 2013.

En cumprimento do previsto nos arts. 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 248 do día 28 de decembro, comezando a súa exposición o día 29 e rematando o prazo da mesma o 16 de xaneiro de 2013.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta de data 17 de xaneiro emitido pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados catro alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2013, e que están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no art. 54 da Lei 30/1992. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación non está en algún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para entablar alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Referenciase en cada un dos apartados que conforman esta proposta para o Pleno o número de Rexistro Xeral que ten cada unha das alegacións, aínda que as mesmas forman parte do expediente, e ademais, a contestación que en cada caso motiva a estimación ou desestimación, vai unida a propia alegación que leva incorporado o número de rexistro. Faise a identificación e analízase a lexitimación en cada caso de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada.

En consecuencia co anterior a concelleira delegada de Economía e Facenda emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Informe emitido con data 18 de xaneiro de 2013 polo Interventor Xeral.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 27 de decembro de 2012, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local e os dos seus Organismos Autónomos Administrativos dependentes, para o ano 2013.

En cumprimento do previsto nos arts. 169 e 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL), aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia nº 248 do día 28 de decembro, comezando a súa exposición o día 29 e rematando o prazo da mesma o 16 de xaneiro de 2013.

No citado período, e consonte a certificación que se adxunta de data 17 de xaneiro emitida pola Titular do Órgano de Apoio a Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados catro alegacións e reclamacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2013, e

que están todas e cada unha delas resoltas, pronunciándose sobre a estimación ou desestimación das mesmas de acordo aos motivos que en cada caso se expresan nos informes que se achegan, dando así cumprimento ao previsto no art. 54 da Lei 30/1992. Tódalas alegacións teñen sido resoltas de maneira xustificada, incluso naqueles casos, que a reclamación non está en algún dos supostos previstos no TRLRFL como causas obxectivas para entablar alegacións ou reclamacións ao Orzamento.

Tendo en conta que a proposta que se formula ao Pleno da Corporación pola Sra. Concelleira Delegada de Economía e Facenda, non altera nada do proxecto que se someteu ao Pleno en data 27 de decembro de 2012, non procede emitir informe sobre este trámite, quedando os estados orzamentarios tal e como figuran na proposta de aprobación inicial co seguinte desglose.

Capítulo	Entidade	Consolidado	Capitulo	Entidade	Consolidados
I	58.911.357,92	66.866.480,22	I	101.703.710,00	101.703.710,00
II	107.386.884,00	114.969.417,34	II	6.749.060,00	6.749.060,00
III	2234922,66	2.234.952,66	III	35.051.477,40	39.287.858,03
IV	31.856.283,94	18.208.392,62	IV	70.165.126,75	68.543.920,24
V			V	2.680.000,00	2.780.347,81
<b>TOTAL G.Co.Op.NF</b>	<b>200.389.448,52</b>	<b>202.279.242,84</b>	<b>TOTAL I.Co.Op.NF</b>	<b>216.349.374,15</b>	<b>219.064.896,08</b>
VI	14.820.207,36	15.374.737,74	VI		
VII	1.120.056,26	626.133,42	VII	,00	,00
<b>TOTAL G.Cp.Op.NF</b>	<b>15.940.263,62</b>	<b>16.000.871,16</b>	<b>TOTAL I.Cp.ONF</b>	<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>TOTAL G.Op.NF</b>	<b>216.329.712,14</b>	<b>218.280.114,00</b>	<b>TOAL I.Op.NF</b>	<b>216.349.374,15</b>	<b>219.064.896,08</b>
VIII	601.000,00	680.040,48	VIII	600.000,00	679.040,48
IX	9.118.662,01	9.118.662,01	IX	9.100.000,00	9.100.000,00
<b>TOTAL G.Op.Cp.F</b>	<b>9.719.662,01</b>	<b>9.798.702,49</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.F</b>	<b>9.700.000,00</b>	<b>9.779.040,48</b>
<b>TOTAL G.Op.Cp.</b>	<b>25.659.925,63</b>	<b>25.799.573,65</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.</b>	<b>9.700.000,00</b>	<b>9.779.040,48</b>
<b>T.XERAL GASTOS</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>228.078.816,49</b>	<b>T.XERAL INGRESO</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>228.843.936,56</b>

### Orzamentos por áreas de Gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	11.341.584,67	11.341.584,67
1	119.471.167,94	118.824.184,18
2	14.413.814,06	14.413.814,06
3	32.710.036,61	35.386.462,71
4	14.873.801,18	14.873.801,18
9	33.238.969,69	33.238.969,69
<b>Total</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>228.078.816,49</b>

## Resumo

Organismo	Gastos		Ingresos		Capacidade	
	Cap. I-VII. GNF	Cap.VIII-IX GF	Cap. I-VII. INF	Cap.VIII-IX IF	INF-GNF	IF-GF
Entidade Local	216.329.712,14	9.719.662,01	216.349.374,15	9.700.000,00	50.466,10	-19.662,01
OA. X.M.U.	6.956.764,37	25.000,00	7.430.993,56	25.000,00	474.229,19	,00
OA. IMD	8.037.574,30	24.040,48	8.328.465,18	24.040,48	290.890,88	,00
OA. EMAO	1.319.261,22	12.000,00	1.319.261,22	12.000,00	,00	,00
OA. VIGO ZOO	1.505.646,64	18.000,00	1.505.646,64	18.000,00	,00	,00
E. Consolidados/s.axuste	234.148.958,67	9.798.702,49	234.933.740,75	9.779.040,48	784.782,08	-19.662,01
Axustes de consolidación	15.868.844,67	,00	15.868.844,67	,00		
E. Consolidados/c.axuste	218.280.114,00	9.798.702,49	219.064.896,08	9.779.040,48	784.782,08	-19.662,01

## CADRO DE AXUSTES PARA A OBTENCIÓN DOS ESTADOS CONSOLIDADOS

Organismo	Estado de Gastos		Estado de Ingresos	
	Capítulos		Capítulos	
	IV	VII	IV	VII
Entidade Local	13.693.691,32	493.922,84	1.681.230,51	
OA. X.M.U.	1.652.065,99		5.576.682,14	400.000,00
OA. IMD	29.164,52		5.682.501,18	75.000,00
OA. EMAO			1.290.326,36	18.922,84
OA. VIGO ZOO			1.144.181,64	
<b>Total</b>	<b>15.374.921,83</b>	<b>493.922,84</b>	<b>15.374.921,83</b>	<b>493.922,84</b>

### Organismos Autónomos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P.Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.345.764,46		3.671.798,74		1.036.329,94		901.229,16	
II	5.587.645,32		1.169.648,22		264.008,44		561.231,36	
III		2.530.940,00		1.377.440,63	,00	,00	30,00	328.000,00
IV	29.164,52	5.682.525,18	1.677.065,99	5.636.682,14	,00	1.290.326,36	20.800,00	1.144.181,64
V		40.000,00	438.251,42	16.870,79	,00	10.012,02	,00	33.465,00
VI	75.000,00	75.000,00			,00		22.356,12	
VII	,00			400.000,00	18.922,84	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	18.000,00	18.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>8.061.614,78</b>	<b>8.352.505,66</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>7.455.993,56</b>	<b>1.331.261,22</b>	<b>1.331.261,22</b>	<b>1.523.646,64</b>	<b>1.523.646,64</b>

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión que tivo lugar o 22 de xaneiro de 2013, ditaminou favorablemente.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Continuamos o debate no lugar no que o deixamos,

falara a concelleira de Facenda, despois dona Iolanda Veloso e estaba iniciando a súa intervención don Miguel Fidalgo, continúaase nese punto, saben vostedes que quedará unha segunda quenda de cinco minutos e unha resposta de tres minutos final por parte do goberno.

SR. FIDALGO IGLESIAS: En primeiro lugar unha cuestión de orden Sr. Alcalde, o outro día na Xunta de Voceiros quedaron os tres grupos municipais nunha primeira intervención de quince minutos, así llo pode corroborar o Secretario do Concello, entón non sei se o criterio é que o que se di na Xunta de Voceiros.

A PRESIDENCIA: O Secretario comunicoume onte que eran dez minutos, o luns o Secretario que está aquí díxome que dez minutos esa foi a razón pola que se fixeron dez minutos.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Incumprindo a Lei de Facendas Locais, como sole ser habitual en vostedes, traen á aprobación definitiva o Orzamento do Concello e dos seus organismo autónomos para o ano 2013, con dous meses de atraso, polo tanto van a dar o visto bo a unhas contas que tiñan que ser aprobadas inicialmente antes do quince de outubro e aprobáronse o vinteseite de decembro, por isto dicimos que vostedes sistematicamente e tamén nisto, incumpren a lei.

Primeira conclusión, un ano mais os Orzamentos municipais chegan tarde e empezamos o ano cun orzamento prorrogado. O orzamento debería de ser o documento máis importante que se debate durante o ano, debería de ser un elemento indispensable para o funcionamento do día a día da cidade, pero en Vigo isto non é así, en Vigo o Orzamento é simple e claramente unha moeda de cambio para que o Sr. Caballero siga no poder, unha moeda para que o Partido Socialista en minoría siga no poder, iso é o orzamento.

O Orzamento debería marcar as liñas xerais do que se pretende para Vigo nos próximos anos, tería que ser unha ferramenta para crear emprego e non un obstáculo para conseguir ese obxectivo, lamentablemente o documento que hoxe presenta e mais do mesmo, a súa proposta pon de manifesto que o grupo Socialista, que está en minoría por perder as eleccións, non ten un proxecto para a cidade de Vigo. Ano tras ano seguen demostrando que non teñen ideas para Vigo, que os vigueses/as non podemos contar co seu goberno para saír da crise, unha

crise que vostedes sempre negaron e que tanto axudaron a agravar os vigueses/as teremos que saír da crise sen a súa axuda.

Este documento só serve para unha cousa principalmente, para que un señor sega sendo Alcalde a pesar de perder ás eleccións, como sempre ocorre cando se presentan, agás unha vez en 1982, xa choveu Sr. Alcalde, hai trinta e un anos cando vostede se presentaba a deputado pola provincia da A Coruña vostedes con Felipe González a cabeza, si gañaron aquelas eleccións, xa choveu, trinta e un anos desde que se presentou o Sr. Alcalde por A Coruña. Este orzamento serve para o Alcalde pero non serve para a cidade de Vigo.

A receita é a mesma de sempre, baséase en tres elementos: Un, subir os impostos municipais o máis que se poda, vostede Sr. Alcalde ten o triste récord de ter subido un 15% os impostos dende que está no poder. Pagamos os vigueses os impostos e as taxas máis alta de Galicia, a Contribución máis alta de Galicia, o Imposto de Circulación máis alto de Galicia, a auga máis cara de Galicia, o transporte público máis alto de Galicia etc.

Segundo elemento, machacar aos vigueses a multas de tráfico para facer caixa e recadar o máis posible, corenta e dous millóns e medio de euros suman as multas impostas por este goberno municipal nos últimos catro anos, 200.000 recursos contra multas de tráfico presentaron os vigueses dende que vostede é Alcalde, iso máis o menos da a unha media de un recurso por cada vigués con carné de conducir.

E terceiro elemento, a parte de subir os impostos municipais, machacar a multas de tráfico á xente de Vigo, a vostedes gústalles moito pedir préstamos, endebedarse, pedir préstamos e máis préstamos para sufragar a súa voracidade de gasto. Isto é o que nos espera para todo o mandato, un goberno en minoría que fai o “paripé”, o teatriño co BNG, déixalle que pareza que goberna, que pinta algo pero ao final non lle fan moito caso.

Segundo un Alcalde de Vigo.

*Incidencias por parte dos que asisten como público.*

A PRESIDENCIA: Suspéndese a sesión ata que se poida continuar o Pleno. Vaise continuar cando se avise aos Voceiros.

A PRESIDENCIA: Continuamos o Pleno ábrese sesión Pública, continuamos o Pleno no punto no que quedaramos que era a intervención do Sr. Fidalgo Iglesias que estaba no uso da palabra, quedábanlle aproximadamente cinco minutos de tempo, polo tanto a efectos de enlazar co anterior deixámoslle seis minutos e empezamos polo tanto co seu tempo.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Como dicíamos antes, que é o que nos espera neste mandato?, pois un goberno en minoría que fai un “paripé” con BNG, un Alcalde que está enfrontado con todo o que non pensa como el: Xunta, Deputación, concellos limítrofes, Federación de Veciños, Asociación de Veciños de Teis, Instituto de Estudos Vigueses, Movemento Cultural etc. e un Alcalde que é incapaz de quitar adiante os proxectos da cidade, non hai Plan Xeral funcionando, non hai a Cidade da Xustiza, non hai túnel de Julián Estévez, nada sabemos de biblioteca do Estado, nin do transporte metropolitano, nin de cumprir o convenio co novo Hospital.

Se facemos unha valoración técnica do documento vemos a primeira gran contradición en época de crise, onde toca apertarse o cinto, onde familias e empresas teñen menos ingresos e polo tanto axustan o orzamento de gastos, aquí o Orzamento aumenta case un 5%, de 217 millóns de 2012 pasamos a 228 millóns de euros de Orzamento, dos cales case o 90% son para gastos correntes, 204 millóns de euros, 77 millóns son para gastos de persoal, o 29%.

Hai que ter en conta unha cousa, que é o que di o Interventor na páxina catorce do seu informe, no capítulo I di “O cadro persoal non só ten que conxelarse senón que deberá mostrar unha tendencia á baixa, baseada nunha xestión máis eficiente”. Capítulo II Gastos Correntes, tamén llo advirte o Interventor que se elevou nun 43% no últimos anos, di “E aconsellable e necesario facer axustes que xeren un cambio na tendencia incrementalista, o obxectivo debe ser a busca da maior eficiencia, conseguindo os mesmos resultados, a un menor custo orzamentario”, pídelles máis eficiencia novamente na xestión do Capítulo II “Gastos Correntes”.

Que máis temos no orzamento, pois 2.235.000 euros de intereses da débeda, a cifra máis alta dos últimos anos, un 20% máis que no 2012, un 120% máis que en 2011 e ademais o Interventor prevé que esta cifra siga subindo, que os intereses da débeda sigan subindo, e por que pagamos máis intereses Sra. Díaz? Iso cae de



caixón, pagamos máis intereses porque hai máis débeda, por que cada ano hai máis e máis débeda, todo o mundo sabe que os tipos de interese e a prima de resgo está baixando dende que está o Partido Popular no goberno de España.

O Partido Popular cando gobernou esta cidade de 108 millóns de euros de débeda que se atopou deixouna en corenta e sete e vostedes xa van preto dos cen millóns. Xa sei que ten preparado aí un cadro, pero máis lle valía que en vez de preparar os cadros, que lle cadraran as contas, menos cadros e máis cadrar as contas Sra. Díaz. Hai oito millóns de euros para o IMD a pesar dos problemas que ten o persoal do IMD e dos problemas das instalacións deportivas que están cheas de goteiras, non sei se vostede o sabe.

Sete millóns de euros para a Xerencia de Urbanismo, pois para non ter xestión urbanística na cidade de Vigo xa lle chega e saéno bastante caro. 1,3 millóns para EMAO e 1,5 millóns para o Zoo.

Oitenta millóns de euros para traballos realizados por outras empresas, para as famosas concesionarias, porque o Sr. Alcalde sabe e todo o mundo sabe na cidade que Vigo é o paraíso das concesionarias. Hai máis de trinta servizos que están privatizados en mans das concesionarias, sóbenlle un 24 % a asignación que tódolos vigueses lle imos pagar pola recollida do lixo, de vinte dous millóns a vinte e sete, sobe un 24% a rede semaforica. Sobe un 11% o mantemento dos túneles, sobe un 9,7% a recadación executiva, un 7% o mantemento de xardíns, un 9,6% o mantemento do alumeadado público, podería seguir, pero gustaríame destacar algo que é grave, que é o recorte en materia de gasto social, descendendo un 3% pasando de 17,6 millóns de euros a 17,1 millóns, iso é dicir á verdade a xente, Sra. Díaz e non os contos que vostede conta habitualmente neste Pleno.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Unha vez máis a intervención do Partido Popular de Vigo non pode ser interpretada doutra forma que como unha auténtica hipocrisía política está toda chea de mentiras dende o principio ata o final.

Comezou a intervención dicindo que estabamos incumprindo a lei, o Sr. Fidalgo non se decata de que cando eles gobernaban en tres anos e medio só aprobaron un orzamento, ou que a Xunta aprobou o seu orzamento onte, ou que cando gobernaron catro anos en maioría absoluta quitaron dous orzamentos, polo tanto o que lle acontece ao Partido Popular é que está indignado de que este goberno ano

tras ano aprobe orzamentos, isto é o que non admite o Partido Popular de Vigo. Despois, a partir de aí empeza toda a sarta de mentiras, empeza coa sarta de mentiras da débeda, eu reto aquí ao Partido Popular a que diga, xa que nomea tanto determinados informes, en que lugar dese famoso informe se di que este concello ten cen millóns de débeda, porque é que igual que o informe de Intervención di cal é a estabilidade orzamentaria, cal é o gasto social, cal é o gasto corrente tamén ten que dicir cal é o nivel de débeda, e o que di o informe do Interventor é que o nivel de débeda para o ano 2013 é de 56 millóns de euros, ata aí é capaz de mentir o Partido Popular. Eu non sei de onde quitaron os 100 millóns de euros, inventouno ou mellor dito quitou os datos da Deputación, porque os datos da Deputación si botan que a débeda da Deputación é de 100 millóns de euros pero a do Concello é de 56, e de novo minten porque de acordo cos informes da Intervención a débeda da Sra. Porro, cando aprobou o seu Orzamento no ano 2005 era de 85.900.000 euros, estes son os informes de Intervención, estes son os datos contables, estes son os datos exactos e non os datos que figuran no discurso do Partido Popular; e que eu saiba 85.900.000 é máis que 56 millóns, a iso chámase diminuír a débeda. Polo tanto, este goberno o que fixo e diminuír a débeda, baixar a débeda a metade do que o tiña a Sra. Porro cando estaba gobernando o Partido Popular, e se quere máis datos da débeda dígolle realmente quen está aumentando a débeda, o Partido Popular.

Dende que está gobernando na Xunta o Partido Popular si que duplicou a débeda e de novo son datos do Ministerio, xa sei que non lle gustan os cadros, porque aí é onde se lle deixa en evidencia, porque estes datos están quitamos dos datos contables e claro non lles gusta, e de novo volve coa sarta de mentiras, cos impostos, quen subiu os impostos nas garderías públicas en Vigo? A Xunta de Galicia, quen subiu as taxas universitarias en Vigo? A Xunta de Galicia e o Ministerio de Economía, quen subiu o peaxe de aquí a Pontevedra? A Xunta de Galicia e o Ministerio, quen subiu a luz? o Ministerio, que subiu a auga en Vigo? A Xunta de Galicia co canón e o Porto de Vigo aos usuarios que usan a auga no Porto de Vigo, é dicir, chega tanto a hipocrísía que o Concello de Vigo conxéllalle a auga ó Porto e o Porto sóbella aos usuarios, esa é a política do Partido Popular, e cal foi a política do Partido Popular en transporte público? diminuíu a subvención no transporte público, aquí tiña que estar o Partido Popular de Vigo defendendo o

transporte público de Vigo e instando ao Ministerio a que non recorte a subvención. E quen diminuíu o gasto social? é que non estudaron o Orzamento porque hai partidas que cambiaron, antes as garderías da Xunta estaban en Benestar e agora están de Educación.

As políticas de deportes para as persoas maiores antes estaban en Benestar e agora pasan a Deportes e polo tanto o que non fixo o Partido Popular foi comparar toda a redefinición de partidas e entón dálle que neste momento o gasto social do Concello de Vigo é o triplo do que tiña o Partido Popular e iso é o que non soporta porque é un Orzamento que está pensando nas persoas.

Falemos das políticas de emprego que fixo a Xunta coas políticas de emprego? Baixounas a metade, que fixo este Concello aumentounas e que fixo o Partido Popular en Vigo cando diminuíu as axudas da Xunta aos parados en Vigo, non dixo nada, calouse, esa é a política do Partido Popular, en ningún momento está defendendo a Vigo.

Podemos falar da Teleasistencia, que fixo o Partido Popular de Vigo cando a Deputación dixo que non atendía aos maiores en Vigo non dixo nada, foi á Xunta a reclamar eses cartos? Non, foi ao Goberno Central a reclamar eses cartos? Non, pois aquí o Alcalde de Vigo decidiu que ningún maior se vai quedar sen Teleasistencia, e neses millóns que aparecen aí no Orzamento aparece que se vai atender o servizo de Teleasistencia e do Albergue.

SRA. VELORO RÍOS: Unha cuestión de orde antes de comezar a miña intervención, gustaríame que se nos informase de cales foron as medidas de control de acceso a este Pleno por parte do público porque estamos a chegar información de que non se lle permitiu o acceso ao Pleno a persoas sen identificar previamente, é dicir, non estamos falando das persoas que foron identificadas o luns ou esta mañá e ás que non se lles permitiu xa a entrada senón que persoas que non foron identificadas non puideron acceder ao Pleno e gustaríanos saber cales foron as medidas de control e de acceso a este Pleno.

A PRESIDENCIA: As habituais para garantir que este Pleno se produza con presenza de público que xa estaba esta mañá e con garantías de que o Pleno se pode levar adiante, porque calquera opción de deixar entrar á xente con claro ánimo e

motivados para rebentar o Pleno, non parece a conduta máis apropiada neste momento.

SRA. VELOSO RÍOS: Digamos que a resposta non foi o suficientemente clara porque non sabemos cales son eses criterios que se establecen para decidir quen ben con ánimo de rebentar o Pleno, pero evidentemente o Pleno a porta pechada non é. De todas maneiras agora o noso compañeiro o Sr. Alonso está abaixo para informarse de primeira man e imos insistir en que nós queremos garantir o acceso do público ao Pleno.

Como xa está correndo o tempo da miña intervención brevemente, nestes catro minutos e medio, vou concluír a nosa intervención neste debate dicindo que os Orzamentos que hoxe veñen a Pleno e que están xa sometidos a súa aprobación final non son os orzamentos que faría o BNG se gobernásemos, pero válenos coas emendas que se incluíron presentadas polo propio BNG.

Creo que quedou claro en todo este proceso que as emendas que nós presentamos por rexistro e que foron aceptadas polo goberno non foron emendas negociadas en ningún momento, e non son emendas que se vaian negociar posteriormente á aprobación destes Orzamentos, as emendas do BNG son innegociables, eran antes de aprobar estes Orzamentos e vano ser despois e a súa correcta execución tampouco é negociable para o BNG.

Nós asumimos que coa aprobación final destes Orzamentos hoxe no Pleno, existe un compromiso real para levalos adiante tal e como están recollidos no expediente que hoxe imos aprobar. A nós válenos, pero non queremos pensar que non lle valan ao goberno, non queremos pensar que non lle valan ao Alcalde desta cidade, que haxa algo nestes Orzamentos que non lle guste e que non valla executar, o que vai a aprobar hoxe está recollido no expediente e o BNG non vai negociar as emendas que se lle aceptaron, se nos vindeiros meses viñese algunha modificación orzamentaria a este Pleno que puidese afectarlle a algunha das emendas presentadas polo BNG; por exemplo, para recuperar o Programa de Aulas Internacionais o Alcalde non vai contar co apoio do BNG para modificar estes Orzamentos. Iso si, eu non lle digo que non vaia contar co apoio do Partido Popular, porque a súa opinión non a sabemos máis aló de facer unha análise dos resultados electorais do BNG relacionado con esta cuestión que nós, a verdade, non temos en

conta, aínda non dixo que pensa deste Programa que nos últimos días ocupou un espacio importante nos medios de comunicación.

Nós non imos apoiar un Programa que dedique máis de un 1.200.000 euros a unha actividade que tal e como se recolle no informe do xefe de Educación, non forma parte das competencias educativas do Concello, tal e como se recoñece nunha resposta a unha alegación e non recolle criterios de renda para a súa concesión, porque teño aquí as bases dese Programa deste último ano e por moitas voltas que lle dou non atopo ningún sitio no que os criterio de adxudicación sexa ser fillos de traballadores aquí hai un criterio de calificacións en lingua inglesa pero non hai un criterio de renda para conceder estas bolsas. Unhas bolsas que supoñen un custe de 2500 euros por rapaz ou rapaza que mandamos a Inglaterra, e que só no último ano, en 2012, introdúxose que teñen que pagar unha cantidade diferente en función da renda, pero claro isto supón unha redistribución moi curiosa, hai familias que quedan exentas de pagalo pero cos seus impostos están pagando a familias que poden ter ingresos de máis de 4000 euros, que poderían pagar estas viaxes perfectamente do seu peto e que llelas estamos pagando cos seus impostos.

Case a metade das familias superaban esa renda per cápita mensual de máis de 1041 euros, a nós parécenos que isto non é unha redistribución "keynesiana", nós non nos parece que este sexa un programa social e por isto introducimos as emendas que introducimos, porque nós temos moi claro que teñen que ser uns orzamentos destinados a promover o emprego e destinados á atención social, iso é innegociable para o BNG tal e como están agora os orzamentos estes dous criterios están recollidos e por isto imos dar o voto favorable para a súa aprobación final, pero esas dúas cuestións son absolutamente innegociables na súa aprobación e na súa execución.

SR. FIDALGO IGLESIAS: Sra. Díaz o recorte que vostedes fan en Emprego e Benestar Social é absolutamente incomprendible, enchéselle a boca dicindo que son progresistas, de pacotilla, están a falar da Teleasistencia, teño que dicirle que vostedes PSOE e BNG no bipartito da Xunta abandonaron a Teleasistencia fíxose cargo o goberno de España e as Deputacións.

Cando o Alcalde vai a Madrid a esas reunións da Federación Española de Municipios e Provincias di que os concellos de menos de 20.000 habitantes é onde ten que

actuar a Deputación e que a Deputación se retire dos concellos de máis de 20.000 habitantes, di “é o que estabamos reclamando dende os concellos porque con ela desaparecerán duplicidades e solapamentos e aforraremos todos moito”. O Sr. Alcalde é quen quere que non invirtan as Deputacións nos concellos de máis de 20.000 habitantes, porque a Deputación non vai pagar a Teleasistencia non só de Vigo senón de Pontevedra, tampouco Vilagarcía, ni Lalín, nin Redondela etc.

Sobre a auga, en Vigo pagamos a auga máis cara de Galicia, un 70% máis cara que moitas outras cidades de Galicia e o Porto de Vigo paga a auga un 45% máis barata que do outro lado do enreixado, unha mesma empresa dentro do enreixado do Porto paga un 45% menos de auga que fora do Porto, sabe que é deficitaria e que a Autoridade Portuaria recada moito menos polos recibos do que ten que pagarlle a Aqualia.

Ademais, a nós non nos crerían pero por que sobe o Orzamento? Porque o Estado o Goberno de España aporta nove millóns de euros máis a través do Fondo de Compensación, o Interventor o di no seu informe, di que a transferencia do Estado en concepto de Fondo complementario de financiamento incrementase un 22,9%, nove millóns máis de euros teñen vostedes de transferencias do Estado, non fale vostede de que si o Estado baixou a subvención ao Transporte, utilícena en Transporte, Emprego, Benestar social, Teleasistencia, pero non para pagar programas de televisión que pagan tódolos vigueses/as para maior lucimento do Sr. Alcalde.

Sobre as emendas xa sabemos que vostedes rexeitaron tódalas nosas emendas, non lles importa reducir un 80% os gastos de Protocolo, nin reducir os gastos de publicidade un 30%, dixeron “non” a reducir un 70% doutros gastos superfluos pero é que rexeitaron absolutamente tódalas alegacións que presentaron colectivos sociais, cidadáns, vostedes aplican o rolo non lles importa absolutamente nada.

O Orzamento que van a aprobar hoxe é unha auténtica tomadura de pelo á Corporación e á cidade, se o Alcalde tivese unha idea clara do que quere facer non estaría disposto a cambialo en función das esixencias dun grupo político para un posible acordo, e para volver a cambialo unha vez aprobado.

O Partido Popular si ten unha visión clara do que debe ser un orzamento en épocas de crise, Vigo necesita transparencia Sra. Díaz, iso no que vostedes suspenden, e para concluír dicirlle que Vigo necesita tamén rigor, austeridade, boa xestión,

adelgazar a administración e controlar a débeda.

Por último Sres. do BNG, que tanto falan por aí detrás, aquí estamos só para unha cousa, e corrobórese, estamos aquí para que o BNG levante a man, como dicía aquela canción de Presuntos Implicados “como cambiamos” Sres. do BNG agora estes Orzamentos válenlles, din válennos, pero cando obteña o Alcalde o si do BNG terá as mans libres para facer o que queira e vaino facer Sres. do BNG, ao Alcalde non lle importa Vigo só lle importa seguir no poder. Moitas grazas.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Acabamos de saber que neste Pleno tamén temos un futurólogo e xa sabemos o que vai pasar dentro dun ano ou dentro de dous.

O Partido Popular non deu nin un só argumento para poder rexeitar os Orzamentos porque todo o que falan foron mentiras, falsedades e insultar a todos e cada un dos presentes.

Falaba das Deputacións, ogallá a Deputación de Pontevedra investise en Vigo a parte que lle corresponde que é un terzo, ogallá a Deputación investise no Marco, ogallá seguise co servizo de Teleasistencia pero está claro que non lles interesa porque á Deputación, igual que aos representantes do PP de Vigo, non lles interesa Vigo e non lles interesa os vigueses.

De novo volve a Auga e volve coas mentiras porque a realidade é que o Porto quería subir aos seus usuarios un 5% e ao final despois de presións só lle subiu un 3% co voto negativo dalgún dos presentes, polo tanto non todo o mundo estaba de acordo en que se lle subise a Auga aos cidadáns de Vigo.

De novo esquécese dun montón de cousas, fala dunha serie de achegas do Estado e claro esquécese de mencionar que o Estado diminuíu a subvención ao Transporte, que é certo que a Xunta diminuíu as axudas á Dependencia, que é certo que diminúe as achegas a outros servizos de atención social, que é certo que a Xunta de Galicia diminuíu as axudas de libros, é dicir, menos rapaces vigueses van ter axudas de libros, é certo que a Xunta diminuíu as axudas ao comedor polo tanto haberá menos rapaces vigueses que reciban axuda de comedor.

Onte nos espertabámonos con que recortaba á metade os fondos para o desemprego, polo tanto haberá menos vigueses que reciban axudas para o desemprego, reduce a Dependencia, polo tanto haberá menos vigueses que sexan atendidos a través da Lei da Dependencia, iso é o que está facendo a Xunta, iso é o

que está facendo o Goberno do Estado e diso é do que se esquece o Partido Popular.

Está claro que o Partido Popular de Vigo non defende aos vigueses porque o que nós presentamos neste orzamento é un orzamento que defende a atención social, aos maiores, aos máis pequenos con novas garderías e ás non se lle subiu nin un só euro a ese nenos, mentres que a Xunta de Galicia si e é un orzamento orientado ao emprego, tanto directo como indirecto.

O outro día recoñecía o propio Fondo Monetario Internacional que se equivocaran e que os recortes xeraran máis paro, por iso nós dende o primeiro momento formulamos un Orzamento no que non houbera recortes senón que houbera atención aos maiores, aos nenos e en definitiva a tódolos cidadáns de Vigo.

**VOTACIÓN E ACORDO:** Prodúcese un empate con trece votos a favor e trece en contra, cumpre repetir a votación. Decide o voto de calidade do presidente queda aprobado o proxecto de orzamento do exercicio do 2013.

(Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego)

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuese unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte acordo:

**Primeiro.- Desestimar** a alegación presentada pola sección sindical CIG, con data de rexistro 14/01/13,nº 130004310, na que se solicita unha transformación de postos, cando en realidade tratase de novas prazas cun grupo distinto. En todo caso,



ao non estar nos supostos previstos no artigo 170.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o informe de persoal manifestase pola desestimación.

**Segundo.- Desestimar** a reclamación presentada D. Xosé Vicente Comesaña Trigo, nº de Rexistro 130005581 de data 16/01/13, xa que, de acordo ao informe da Sra. Xefa de Recursos humanos, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo corresponde á Xunta de Goberno Local no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

**Terceiro.- Desestimar** a reclamación presentada por D. Alfonso J. Vígara Robles, nº de rexistro 130004892 de data 15/01/13, xa que, de acordo ao informe do técnico do servizo de educación, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Cuarto.- Desestimar** a reclamación presentada por Da. Amaría Carmen Sieiro Pardo, nº de rexistro 130004902 de data 15/01/13, xa que, de acordo ao informe do técnico do servizo de educación, non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Quinto.- Aprobar definitivamente o Orzamento para o ano 2013**, tendo en conta a proposta de resolución das alegacións presentadas ao Orzamento Xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, e as aprobadas polo Pleno na sesión do 27 de decembro de 2012 en relación coas emendas presentadas en Comisión Informativa polos Grupos Políticos Municipais, tendo o proxecto que se remite xa incorporadas as emendas aprobadas. O proxecto de orzamento está integrado por:

Orzamento dá Entidade Local.

Orzamento do OO.AA. Instituto Municipal do Deportes (IMD).

Orzamento do OO.AA. Escola Municipal de Artes e Oficios (EMAO).

Orzamento do OO.AA. Xerencia Municipal de Urbanismo.

Orzamento do OO.AA. Parque das Ciencias Vigo-Zoo.

Os resumos que se achegan, recollen xa o resultado da totalidade das alegacións cuxa resolución se propón.

A estrutura na que se agrupa a información toma en consideración os gastos e ingresos correntes por operacións non financeiras, gastos e ingresos de capital por operacións non financeiras e gastos e ingresos por operacións financeiras.

### **Orzamento de gastos da Entidade Local e Estados Consolidados clasificado segundo a súa natureza económica<sup>1</sup>**

A estrutura que se presenta axústase ao previsto na orde 3565/2008, de 3 de decembro, polo que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

Estado de gastos e ingresos da entidade e consolidados

Capítulo	Entidade	Consolidado	Capítulo	Entidade	Consolidados
I	58.911.357,92	66.866.480,22	I	101.703.710,00	101.703.710,00
II	107.386.884,00	114.969.417,34	II	6.749.060,00	6.749.060,00
III	2234922,66	2.234.952,66	III	35.051.477,40	39.287.858,03
IV	31.856.283,94	18.208.392,62	IV	70.165.126,75	68.543.920,24
V			V	2.680.000,00	2.780.347,81
<b>TOTAL G.Co.Op.NF</b>	<b>200.389.448,52</b>	<b>202.279.242,84</b>	<b>TOTAL I.Co.Op.NF</b>	<b>216.349.374,15</b>	<b>219.064.896,08</b>
VI	14.820.207,36	15.374.737,74	VI		
VII	1.120.056,26	626.133,42	VII	,00	,00
<b>TOTAL G.Cp.Op.NF</b>	<b>15.940.263,62</b>	<b>16.000.871,16</b>	<b>TOTAL I.Cp.ONF</b>	<b>,00</b>	<b>,00</b>
<b>TOTAL G.Op.NF</b>	<b>216.329.712,14</b>	<b>218.280.114,00</b>	<b>TOAL I.Op.NF</b>	<b>216.349.374,15</b>	<b>219.064.896,08</b>
VIII	601.000,00	680.040,48	VIII	600.000,00	679.040,48
IX	9.118.662,01	9.118.662,01	IX	9.100.000,00	9.100.000,00
<b>TOTAL G.Op.Cp.F</b>	<b>9.719.662,01</b>	<b>9.798.702,49</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.F</b>	<b>9.700.000,00</b>	<b>9.779.040,48</b>
<b>TOTAL G.Op.Cp.</b>	<b>25.659.925,63</b>	<b>25.799.573,65</b>	<b>TOTAL I.Op.Cp.</b>	<b>9.700.000,00</b>	<b>9.779.040,48</b>

1 Os axustes nos estados consolidados afectan as operacións internas imputadas aos artigos 40, 41, 70 e 71 dos estados de gastos e ingresos, eliminándose as transferencias correntes e de capital que a Entidade fai aos OO.AA, e os ingresos que estes fan a Entidade. Así mesmo, o axuste faise nos OO.AA seguindo o mesmo criterio.

T.XERAL GASTOS	226.049.374,15	228.078.816,49	T.XERAL INGRESO	226.049.374,15	228.843.936,56
----------------	----------------	----------------	-----------------	----------------	----------------

### Orzamentos por áreas de Gasto

Área	Orzamento da Entidade Local	Orzamentos consolidados
0	11.341.584,67	11.341.584,67
1	119.471.167,94	118.824.184,18
2	14.413.814,06	14.413.814,06
3	32.710.036,61	35.386.462,71
4	14.873.801,18	14.873.801,18
9	33.238.969,69	33.238.969,69
<b>Total</b>	<b>226.049.374,15</b>	<b>228.078.816,49</b>

### Orzamento dos Organismos Autónomos Administrativos

Capítulo	IMD		Xerencia Urbanismo		EMAO		P.Ciencias Vigo Zoo	
	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos	Gastos	Ingresos
I	2.345.764,46		3.671.798,74		1.036.329,94		901.229,16	
II	5.587.645,32		1.169.648,22		264.008,44		561.231,36	
III		2.530.940,00		1.377.440,63	,00	,00	30,00	328.000,00
IV	29.164,52	5.682.525,18	1.677.065,99	5.636.682,14	,00	1.290.326,36	20.800,00	1.144.181,64
V		40.000,00	438.251,42	16.870,79	,00	10.012,02	,00	33.465,00
VI	75.000,00	75.000,00			,00		22.356,12	
VII	,00			400.000,00	18.922,84	18.922,84	,00	
VIII	24.040,48	24.040,48	25.000,00	25.000,00	12.000,00	12.000,00	18.000,00	18.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>8.061.614,78</b>	<b>8.352.505,66</b>	<b>6.981.764,37</b>	<b>7.455.993,56</b>	<b>1.331.261,22</b>	<b>1.331.261,22</b>	<b>1.523.646,64</b>	<b>1.523.646,64</b>

**Sexto.- Aprobar** as Bases de Execución que serán de aplicación á Entidade Local e os seus Organismos Autónomos, coa salvidade das Bases específicas que se aproben para a Xerencia Municipal de Urbanismo.

**Sétimo.- Aprobar** as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

**Oitavo.- Aprobar** o cadro de persoal da Entidade Local. **Aprobar** o cadro de persoal dos seus Organismos Autónomos Administrativos relacionados no

apartado e) desta proposta.

**Noveno.- Axustar** tecnicamente a documentación que conforma o expediente do orzamento no caso de ser necesario.

**Décimo.-** En cumprimento do preceptuado no art. 169 do TRLRHL, o Orzamento Xeral, definitivamente aprobado, será inserido no Boletín Oficial da Provincia, resumido por capítulos de cada un dos orzamentos que o integran.

**Undécimo.-** Do Orzamento Xeral definitivamente aprobado, remitirase copia á Administración do Estado e á Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío o Boletín Oficial ao que se refire o apartado anterior. O procedemento de remisión axustarase ao contido do previsto na Orde HAP/2105/2012, do 1 de outubro.

**Duodécimo.-** O Orzamento entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no artigo precitado e surtirá os seus efectos dende o un de xaneiro.

**Décimo Terceiro.-** De acordo o previsto no art. 171 do TRLRHL, contra a aprobación definitiva do Orzamento poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establecen as normas da devandita xurisdición. A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do Orzamento definitivamente aprobado pola Corporación Municipal.

**Décimo cuarto.-** Se o dereito positivo de aplicación é alterado por modificación das normas citadas, ou por desenvolvemento da normativa legal ou regulamentaria, polo Pleno da Corporación acordaranse os axustes orzamentarios ou de liquidación e contables que procedan mediante o axuste das magnitudes, créditos e conceptos que corresponda conforme ás normas de aplicación ou ó interese xeral.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

## **5.- MOCIÓNS:**

### **5.1(7).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DERROGACIÓN DO DECRETO 130/2012, SOBRE SALVAMENTO MARÍTIMO, ASÍ COMO O RESCATE DA VENDA DOS HELICÓPTEROS DE SALVAMENTO E RECUPERACIÓN DO SEGURO COLECTIVO DE ACCIDENTES NO MAR. EXPTE. 583/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xaneiro, número 583/1101, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Veloso Rios, formula a seguinte moción:

“O sector pesqueiro galego é o que padece a maior taxa de sinestralidade de todo o Estado español. Aínda que representa, en canto á súa dimensión, apenas o 50% do do conxunto do Estado, sofre porén o 80% de sinestralidade mortal por razón de afogamento ou hipotermia. É este o contexto no que se está a producir un proceso de irresponsábel degradación, privatización e precarización do servizo de salvamento marítimo que opera na Galiza, e que xa ten provocado consecuencias irreparábeis.

Así, a traxedia de Mercedes Veiga Mosteiro, percebeira de Oia que perdía a súa vida o pasado 12 de decembro de 2012, mentres desenvolvía o seu traballo, puña en evidencia o retraso na actuación do helicóptero "Pesca I" (adscrito ao Servizo de Gardacostas de Galiza, do Goberno galego, con base en Vigo), vulnerando o establecido no contrato que vincula á Xunta de Galiza coa empresa INAER Helicópteros Off Shore, S.A.U., en relación cos tempos de resposta. O resultado final foi o xa coñecido. Previamente, o 14 de novembro, o helicóptero "Pesca II" (este último con base en Celeiro), sufría un intolerábel retraso que impediu o rescate, fronte ás costas de Burela, do mariñeiro Francisco Berrocal, tripulante do pesqueiro "Regino Jesús". Aínda que foi outro helicóptero, dende A Coruña, o que chegou ao lugar do sinistro, non foi posíbel salvar a vida deste traballador do mar.

Lamentabelmente, en moi curto espazo de tempo, son varias as decisións do Goberno galego que viñeron a degradar, aínda en maior medida, os niveis de

seguranza marítima existentes no litoral galego. Algúns exemplos:

- Agora cóbrase (Decreto 130/2012) polas actuacións de salvamento marítimo que realicen helicópteros, embarcacións, vehículos e persoal do Servizo de Gardacostas de Galiza. O salvamento e vidas humanas no mar pasa así a se converter nun mero negocio. Estabelécense tarifas de cobro para os buques pesqueiros que precisen de asistencia, aínda en risco de afundimento.
- Eliminación do "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar", con cobertura automática a todas e todos os profesionais do mar (tripulantes –galegos, galegas ou de calquera nacionalidade embarcados en buques galegos-, persoal de bateas, percebeiras e percebeiros, mergulladores, mergulladoras, mariscadores a frote, mariscadoras a pé, membros da Cruz Vermella do Mar, etc.) que sufriran algún percance ou mesmo a morte.
- Venda á empresa privada INAER dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", de titularidade pública galega e recente adquisición, por un prezo que duplica o da súa venda. Sistemáticos retrasos -ademais dos xa indicados- sen que conste ningunha penalización á empresa adxudicataria, en numerosos operativos de salvamento marítimo.
- Matriculación nas Illas Canarias (2º Rexistro) dos dous buques maiores do Servizo de Gardacostas de Galiza: o "Sebastián Ocampo" e o "Irmáns García Nodal" (tamén de titularidade pública, mais xestionados pola empresa privada REMOLCANOSA) a fin de acceder a avantaxes fiscais e posibilitar a degradación e desregularización das súas tripulacións.
- Eliminación no ano 2012, por vez primeira, do buque de apoio e asistencia sanitaria á frota pesqueira que acode á campaña do bonito no Océano Atlántico (por certo, non no caso da campaña do atún no Mar Mediterráneo).
- Supresión do "Seguro de mal tempo", de carácter voluntario, que evitaba perdas económicas por non saír ao mar de se produciren determinadas condicións económicas que dificultaran o exercicio da actividade pesqueira, marisqueira ou percebeira.

Esta situación reviste unha extraordinaria gravidade. Estamos a falar de vidas humanas, e estas decisións incrementan os índices de risco até uns niveis absolutamente intolerábeis. Lamentablemente non é posíbel devolver as vidas perdidas, mais si que estas traxedias sirvan para, ademais de deitar luz sobre o acontecido e depurar as responsabilidades que se deriven destes feitos, adoptar as medidas correctoras que eviten no futuro a reprodución de feitos desta natureza. Non se trata de aforro, senón de privatización e de obtención de beneficios económicos por parte de empresa privadas. O salvamento dunha vida humana debe ter a consideración de servizo público gratuíto, nunca de negocio empresarial.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

1. Instar á Xunta de Galiza a:

- a) Derrogar o Decreto 130/2012, do 31 de maio, para establecer, daquela, o carácter gratuíto e universal das operacións de salvamento marítimo que

realicen unidades do Servizo de Gardacostas de Galiza.

- b) Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", devolvéndooos á súa titularidade pública galega, e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos (máximo de dez minutos) as 24 horas dos 365 días do ano, a través do sistema de gardas presenciais na base, coas tripulacións precisas para o cumprimento deste cometido legal.
- c) Recuperar o "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar" e o "Seguro do mal tempo".
- d) Garantir o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito do 2013.

2.- Trasladar o presente acordo ao Parlamento de Galiza, grupos parlamentares e ás entidades do sector pesqueiro que operen no noso concello."

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- VELOSO RÍOS: Nós presentamos esta moción porque estamos en Vigo unha cidade moi relacionada directamente en tódalas súas actividades co mar e cun sector pesqueiro que sempre foi fundamental na economía desta cidade. O sector pesqueiro galego é o que padece a maior sinestralidade de todo o estado Español, aínda que representa máis ou menos o 50% do sector pesqueiro o 80% dos accidentes prodúcense nas nosas costas, e nun moi curto espazo de tempo houbo unha serie de decisións por parte do goberno galego que viñeron degradar os niveis de seguridade marítima no litoral galego e vou poñer algúns exemplos, agora cóbrase polas actuacións de salvamento marítimo que realizan helicópteros, embarcacións, vehículos e persoal do servizo de Garda Costas de Galicia.

Así o salvamento das vidas humanas, das persoas que traballan no mar convértese nun negocio e establécense tarifas de cobro para os buques pesqueiros que precisen de asistencia, mesmo en risco de afundimento. Elimínouse, e esta decisión é especialmente grave para moitos mariñeiros, o seguro colectivo de accidentes no mar, con cobertura automática a todos/as as profesionais do mar, tripulantes e persoal de bateas, percebeiras, mergulladores/as, mariscadores a flote, mariscadoras a pe, membros da Cruz Vermella do Mar, etc. que sufriran algún contratempo ou mesmo que faleceran.

Vendeuse a unha empresa privada, á empresa Inaer, dous helicópteros de

salvamento marítimo o Pesca I e o Pesca II, que eran de titularidade pública galega, eran helicópteros galegos que se adquiriron recentemente e vendéronse a esta empresa privada pola metade do que lle custaron á Xunta de Galicia.

Ademais hai sistemáticos atrasos sen que conste ningún tipo de penalización á empresa adxudicataria en numerosos operativos de salvamento marítimo, e de feito aquí moi preto, na costa de Oia, vivimos as consecuencias mortais destes atrasos, a traxedia de Mercedes Veiga Mosteiro percebeira de Oia que perdeu a súa vida o 12 de decembro de 2012, mentres desenvolvía o seu traballo e que puxo en evidencia o atraso na actuación do helicóptero Pesca I.

A verdade é que a algún/a debería térselle atragantado os percebes se os comeu no Nadal, porque estamos falando da morte dunha persoa.

Matricúlanse nas Illas Canarias dous buques maiores do servizo de Garda Costas de Galicia, para poder acceder a vantaxes fiscais e posibilitar a degradación e desregularización das súas tripulacións.

Elimínouse no 2010, por vez primeira, o buque de apoio á asistencia sanitaria da frota pesqueira que acode á campaña do bonito no Océano Atlántico.

Suprimíuse o Seguro de mal tempo, de carácter voluntario que evitaba perdas económicas por non saír ao mar de producírense determinadas condicións económicas que dificultaron o exercicio da actividade pesqueira, marisqueira ou percebeira; e non fai falla que haxa unha cicloxénese explosiva para que os mariñeiros teñan que quedar en terra.

Esta situación reviste evidentemente unha gravidade extraordinaria porque estamos falando de vida humanas e estas decisións incrementan os índices de risco para as persoas que se xogan a vida cada día no mar ante uns niveis absolutamente intolerables.

Non é posible devolver as vidas perdidas xa, foi a vida desta muller Mercedes Veiga en Oia, foi un mariñeiro en Burela pero estas traxedias teñen servir para que quede claro que hai que depurar responsabilidades e que hai que modificar esta situación, hai que adoptar as medidas correctoras que eviten no futuro a reprodución de feitos desta natureza.

Non se trata de aforro senón de privatización e de obtención de beneficios económicos por parte de empresas privadas, o salvamento dunha vida humana ten que ser un servizo público gratuíto e nunca un negocio empresarial.



Por iso solicitamos deste Pleno os seguintes acordos, Instar a Xunta de Galicia: A derrogar o Decreto 130/2012 do 31 de maio para establecer daquela o carácter gratuíto e universal das operacións de salvamento marítimo que realicen unidades do servizo de Gardacostas de Galicia.

Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimos Pesca I e Pesca II devolvéndooas a súa titularidade pública galega e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos, máximo de 10 minutos as 24 horas dos 365 días do ano.

Recuperar o Seguro colectivo de accidentes no mar e o Seguro de mal tempo.

Garantilo o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito.

Trasládalo presente acordo ao Parlamento de Galicia, a grupos parlamentarios e as entidades do sector pesqueiro que operen no noso Concello.

SR. LÓPEZ FONT: A pesar do pouco peso político que teñen os concelleiros do Partido Popular e o Partido Popular de Vigo nos sucesivos congresos de Galicia e España, saben os concelleiros do Partido Popular de Vigo cando vai parar esta política sinistra dos seus gobernos? Saben os concelleiros do Partido Popular de Vigo cando se vai deter a gran mentira coa que enganaron a españois e galegos? A gran mentira chámase botar a culpa aos demais, chámase non asumir as responsabilidades que lles corresponde como goberno. A gran mentira é facer crer a españois e galegos que non hai outra alternativa, a gran mentira é falar de austeridade e dos recortes como solución e como única medida, este é un conxunto de mentiras, de falsidades, pero detrás de todo isto está unha operación ideolóxica do Partido Popular e esa operación resúmese en destruír o estado de Benestar, iniciouno o Sr. Aznar, aprenderon del os sectores máis da dereita do seu partido e hoxe Sr. Rajoy e o Sr. Núñez Feijóo estanse amparando nesta crise para a redución do gasto e de tódolos dereitos sociais que custou moitos anos conseguir. O único que queren é dar a puntilla aos que máis necesitan das políticas de Estado, a aqueles cidadáns que necesitan máis das axudas dos distintos gobernos.

O PP, o Partido Popular o único que pretende é privatizar ó Estado e entregalo aos seus amigos para recadar, como quedou de manifesto nas políticas sanitarias da Comunidade de Madrid e en moitas outras ao longo de España. Así permítese

engordar contas millonarias en países estranxeiros onde a señora de Cospedal decatase do que ten no Partido Popular, o negocio para os seus amigos, isto é o único que quere o Partido Popular.

Esta é situación xeral na que teñen ao país, a España e a Galicia pero despois veñen as específicas, veñen as distintas agresións a colectivos, esta da moción sobre salvamento marítimo é certamente sangrante, é a cara máis inhumana dos recortes é aquela que xoga coa vida dos nosos pescadores porque antes de chegar vostedes ao goberno, señores do Partido Popular, había políticas de salvamento marítimo, e había unha política de salvamento marítimo que houbera evitado a morte de Mercedes. É moi duro dicirlles isto pero é máis duro que teñan que asumir como unha consecuencia das súas políticas de goberno esta morte.

Os que fan xestos que sentiron o día que morreu Mercedes? Consideraron que era inevitable pola política de recortes? Mostraron a súa resignación porque non se podía facer nada? Non, ten solución, os acordos que se deben adoptar neste Pleno marcan, e que están na moción, unha política de salvamento marítimo que ten que velar polo concepto de seguridade marítima e que vostedes esnaquizaron.

Imos ver que din os concelleiros do Partido Popular, máis alá dos xestos e das ironías que delatan a súas caras, imos ver si de novo na votación só tratan de salvar a cara ao Sr. Rajoy e ao Sr. Núñez Feijóo ou si se colocan ao lado dos nosos traballadores porque vostedes cando se falou aquí de políticas de emprego, cando se falou políticas sociais permanente votaron que non.

Polo tanto están novamente ante o dilema de ser concelleiros do Partido Popular de servir a esta cidade ou só servir ás siglas do seu partido, hasta agora o único que fixeron foi servir ás siglas do seu partido, ogallá nalgún momento cambiasen de actitude.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Non saímos do noso asombro Sr. López Font, dicía que na época do Bipartito antes de gobernar o Sr. Feijóo non había problemas en salvamento marítimo, mire noticia de decembro de 2008 “o SEPLA advertiu en febreiro a baixa de calidade de salvamento aéreo”, de decembro de 2008 “o Rosa Mar puido saír auxiliado antes”, en marzo de 2008 “na busca de Cordero quedouse sen helicóptero en dúas ocasións” podo sacar 50.000 notas de prensa para ver o desastre en que se está a converter o salvamento marítimo, pero eu creo que

vostedes saben pouco de salvamento marítimo e de emerxencias.

Non saímos do noso asombro cando se presentan mocións deste estilo a debate neste Pleno, primeiro; pouca capacidade de decisión deste Pleno sobre estes temas. Segundo porque non corresponde a competencias deste Concello xa as competencias de salvamento marítimo, segundo o artigo 29.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, corresponde á Comunidade e o foro de debate Señores e o Parlamento que parece que non se decatan.

Por outra banda, o triste de todo isto é que os problemas económicos persoais que teñen os nosos cidadáns, ó grupo municipal do BNG non lles da importancia e malgasta as súas oportunidades intentando facer política barata, política partidista ou política teatral neste Pleno. Esquécense dos problemas que teñen coa vivenda, co emprego, dos problemas medioambientais e en infraestruturas, non aportan ideas de potenciación dos nosos sectores produtivos sobre o apoio aos xoves emprendedores, sobre a mellora dos nexos relacionais entre universidades e formación de profesionais coas empresas, onde se perden as nosas capacidades creativas, sobre a mellora de capacidade turísticas en relación ao medio ambiente e a cultura como motor económico e referente da nosa cidade na Comunidade Autónoma, esquécense de todo isto, podería seguir porque son interminables os problemas prioritarios dos nosos cidadáns dos que si deberían ocuparse.

Intentan que este grupo municipal, que sabe perfectamente cal é a súa representación nesta cidade e o apoio que ten que dar ós cidadáns, confrontalo con un goberno que está facendo todo o posible para salvar esta tremenda crise.

A falta de coherencia e obxectividade desta moción é o que fai que non a vaíamos a apoiar.

No Pleno deste Concello votáronse as Ordenanzas Fiscais que regulan as taxas que se teñen que cobrar polo servizos de prevención e extinción de incendios, prevención de ruínas de construción, salvamento e outros análogos nesta cidade. Sra. Iolanda, os servizos de emerxencias páganse non son gratis, e nesta cidade os cidadáns os pagan e así en toda Galicia páganse, esa é unha incoherencia. Os profesionais do mar non están obrigados a pagar Sra. Veloso, este decreto é para concienciar á sociedade do risco que entrañan algunhas actividades deportivas e disuadir de accións imprudentes e irresponsables.

Por outra banda a maior parte das actuacións que se realizan polo servizo de

Gardacostas son evacuacións e asistencia a buques estranxeiros ou tamén a iates e buques de luxo, se queren o goberno galego gasta cartos nestas actuacións sen cobrar nada porque a mobilización de medios de salvamento supuxo máis de once millóns de euros ó ano, cos problemas económicos que temos os galegos non podemos prescindir de once millóns de euros que son moitos cartos Sra. Veloso e Sr. Concelleiro.

Vostedes no bipartito aprobaron un Seguro obrigatorio establecido pola Lei de Pesca, ese seguro é precisamente o que se intenta facer agora porque o seguro colectivo no mar era ineficiente, non cubría seguro a terceiros, estíbese financiando a aseguradoras privadas e non cubría os danos persoais. A incoherencia do grupo municipal do BNG cando aproba a xestión de medios móbiles de Policía Local neste Concello a través dun Leasing, critica agora a mesma figura para xestionar os medios aéreos en salvamento marítimo, parécenos increíble.

SRA. VELOSO RÍOS: Para non entrar nos argumentos da moción está moi ben descualificalos con isto de que é política teatral, con que non son competencia, nós de momento mantemos as formas e gardámoslle o respecto a todo o mundo e non nós dedicamos a insultar a concelleiros/as deste Pleno da Corporación, cousa que non todo o mundo pode dicir, porque hai uns minutos que puidemos escoitar insultos directamente, iso pode que a vostede lle pareza política moi seria pero a nós non. Isto si é moi serio porque isto é xogar con vidas humanas.

Imaxine que no seu posto de traballo está sufrindo unha situación de emerxencia e cando colla o teléfono para pedir axuda pensa que ten que pagar 2200 euros por ese chamada, igual o pensa dúas veces. Unha hora de helicóptero custa 2.200 euros, máis trinta e sete euros que terá que pagar o mariñeiro que pida o rescate por cada un dos catro tripulantes dese helicóptero por cada hora que dure a operación de rescate; un operativo de dúas horas de rescate cústalle á vítima 4.596 euros, e se precisa dunha embarcación o prezo ascende 2.200 euros por embarcación e trinta e sete euros por cada un dos dez tripulantes.

É normal pensar, como están dicindo moitos patróns de pesca, que preferirán chamar a compañeiros haber se hai sorte e os rescata algún barco que estea cerca ou arriscar as súas vidas e arriscarse a morrer antes de ter que hipotecar o seu

barco, hipotecar a súa casa e hipotecar a súa vida para que os veña a salvar un servizo que antes era gratuíto.

Vostedes quitan un Decreto que directamente fai que non volva a haber problemas co rescate marítimo porque xa non o chamarán, porque os mariñeiros deste país xa non chamarán aos Servizos de Salvamento Marítimo. Sabe cal é o resultado desa austeridade? Que antes pagabamos 12,5 millóns pola xestión pública deste servizo e agora pagamos 16,5; catro millóns de euros máis para que os mariñeiros non poidan chamar para que os rescaten cando estean nunha situación de emerxencia. Ese é o resultado da súa austeridade, hai unha empresa que está sacando beneficios e que ademais agora ten dous helicópteros novos a prezo de ganga, iso é austeridade. E por suposto aquí, como concelleiros/as que representamos á cidadanía de Vigo que nos votou, temos todo o dereito do mundo a pedirlle a tódalas administracións que cumpran coas súas competencias, o Concello, sexa a Xunta de Galicia, ou o Goberno do Estado como facemos tódolos grupos políticos, tamén vostedes.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectuase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

1.- Instar á Xunta de Galiza a:

a) Derrogar o Decreto 130/2012, do 31 de maio, para establecer, daquela, o

carácter gratuíto e universal das operacións de salvamento marítimo que realicen unidades do Servizo de Gardacostas de Galiza.

b) Rescatar a venda dos helicópteros de salvamento marítimo "Pesca I" e "Pesca II", devolvéndooos á súa titularidade pública galega, e garantindo o cumprimento dos tempos de resposta establecidos (máximo de dez minutos) as 24 horas dos 365 días do ano, a través do sistema de gardas presenciais na base, coas tripulacións precisas para o cumprimento deste cometido legal.

c) Recuperar o "Seguro Colectivo de Accidentes no Mar" e o "Seguro do mal tempo".

d) Garantir o envío dun buque de apoio loxístico e asistencia sanitaria á frota pesqueira que se desprazará á vindeira campaña do bonito do 2013.

2.- Trasladar o presente acordo ao Parlamento de Galiza, grupos parlamentares e ás entidades do sector pesqueiro que operen no noso concello.”

## **5.2(8).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO MINISTERIO DE FOMENTO A QUE LIBERE A PEAXE DA AUTOPISTA AP-9 NOS ÚLTIMOS DOUS QUILÓMETROS DE ENTRADA EN VIGO. EXPTE. 584/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xaneiro, número 584/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Regades Fernández, formula a seguinte moción:

“Os condutores que utilizan a autopista de peaxe AP-9, no tramo de entrada na Área de Vigo, teñen que pagar na actualidade unha tarifa que ascende a 0'85 euros para un vehículo lixeiro, a 1'60 euros para vehículos pesados de tipo 1 e 1'90 euros para vehículos pesados de tipo 2, por apenas dous quilómetros de trazado. Este é o tramo mais caro desta autopista e un dos mais custosos de España, tendo en conta a repercusión por quilómetro. Para unha persoa que se desprace a diario a traballar ou estudar, resulta moi gravoso.

Ademais, este é un tramo urbano, de acceso directo a Vigo, unha circunvalación dentro da Área. Noutras cidades como Santiago de Compostela ou A Coruña, a circunvalación á cidade é gratuíta. Deben homoxeneizarse os criterios, evitar os agravios comparativos e que nunhas cidades se pague e noutras non, pola

utilización destas vías como circunvalacións.

Por outra banda, ter que aboar a peaxe dificulta os accesos e saídas de Vigo e orixina serios problemas en moitos viais de Teis e Chapela, que son os que principalmente soportan o tráfico de vehículos que optan por non utilizar este tramo da autopista, e que na súa maioría son transportes pesados que acceden ao Porto e a Zona Franca.

De modo que liberar a peaxe entre Vigo e Redondela suporía unha mellora da mobilidade das persoas e mercadorías, incentivando a actividade económica das dúas poboacións que comunica. E dado que a rede de autopistas deseñouse para poder circular por ela de maneira segura a unha velocidade superior a que se permite noutras vías, se acurtarían os tempos de desprazamento de moitos cidadáns que actualmente non se poden permitir empregala, aumentando a seguridade dos usuarios e ao mesmo tempo mellorando a calidade de vida dos veciños e veciñas que teñen as súas vivendas no entorno dos viais alternativos actualmente utilizados, ao quedar estes desconxestionados de tráfico, evitando os fumes e ruídos que principalmente xera o transporte pesado.

Polo dito anteriormente, solicítase a adopción do seguinte:

ACORDO:

Instar ao Ministerio de Fomento a que libere a peaxe da Autopista AP-9 nos últimos dous quilómetros de entrada a Vigo.”

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 21 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Vigo está cercado polas catro peaxes de Galicia e de España máis caras, Vigo soporta os catro tramos da autoestrada máis caros en canto a súa repercusión por quilómetro, e coa subida do IVE e a aplicación das novas tarefas que entraron en vigor o 1 de xaneiro, queda cercada por tarefas récord a nivel estatal.

A Xunta de Galicia, o Partido Popular, o goberno de España fai que as autoestradas galegas, e a entrada de Vigo sexa unha tarifa excesivamente cara.

O primeiro tramo o caso Vigo-Porriño sitúase nestes momentos en 40 euros, estando calquera condutor, que quixera escapar das perigosas curvas de Tameiga, imposibilitado a usar esta autoestrada, segundo declara a Asociación de Transportistas de Pontevedra.

A segunda vía Vigo-Pontevedra a pesar de ser o tramo máis rendable para a concesionaria, polo número de usuarios, sitúase na actualidade en 7 euros ida e volta, sumando o desgaste do vehículo, o custo do combustible que está en

máximos históricos nestes momentos, o que dificulta gravemente a interrelación entre estas dúas cidade.

A terceira Vigo-Tuy, a saída máis rápida cara a Portugal, está nestes momentos en 5 euros o que fai que sexa unha autoestrada valeira de vehículos, unha autoestrada fantasma que fai que se masifique a autovía sobre todo en hora punta.

O carto tramo é o tramo récord, son os dous últimos quilómetros de entrada a Vigo pola cara Norte, os condutores que utilizan esta entrada da área de Vigo teñen que pagar na actualidade unha tarifa que ascende a 0,85 euros para vehículos lixeiros e entre 60 e 90 para vehículos industriais, por apenas dous quilómetros de trazado, este é o tramo máis caro da Autoestrada do Atlántico é un dos máis caros das autoestrada estatais.

Un estudo de tarifas e ingresos de autoestrada amosan para cada autoestrada os valores mínimos e máximos da tarifa segundo a categoría do vehículo euros/quilómetro, IVE engadido, coas seguintes conclusións: os valores mínimos en horario habitual prodúcense na R-2, Madrid-Guadalajara, cun prezo de 0,0284 euros/quilómetros e tamén na conexión en Álava cun prezo de 0,0285 euros/quilómetros, todas elas a máis de 500 quilómetros de Vigo.

No que se refire a valores máximos, aquí está a cidade de Vigo, atópase a autoestrada de Málaga e a autoestrada Ferrol fronteira portuguesa, a coñecida como AP-9, cunha tarifa de 0,1524 euros/quilómetros. Nestas dúas infraestruturas é onde se atopan as maiores diferencias entre tarifas unitarias, podemos multiplicar por 5,44 a autoestrada de Pontevedra, a autoestrada galega ca autoestrada madrileña, mentres facemos un recorrido pola autoestrada galega podemos facer case seis pola autoestrada madrileña, e como máximos excepcionais nos seus valores máis altos temos os túneles da AP-6 e da entrada Norte na cidade de Vigo, os dous cos dous últimos quilómetros da entrada en Vigo que están na chilindrada de 0,3863 euros/quilómetros, o tramo máis caro das autopistas de España taxado por quilómetro, que nos sitúa en 13,6 veces máis cara ca autoestrada de Madrid, é dicir, podemos percorrer catorce veces a autoestrada de Madrid, mentres que na autoestrada da entrada a Vigo só podemos facer o recorrido una vez, catorce veces fronte unha vez.

Por outra banda, ter que aboar a peaxe dificulta os accesos ás saídas e entradas na nosa cidade, serios problemas en moitos viais, por exemplo no barrio de Teis en



Sanjurjo Badía que son os que principalmente soportan o tráfico de vehículos que optan por non utilizar a autoestrada polo seu alto custe, e na súa maioría son transportes pesados que acceden ao Porto e acceden á Zona Franca.

Liberar a peaxe dos seus últimos dous quilómetros de entrada a Vigo suporía unha mellora da mobilidade das persoas e das mercadorías, incentivando a actividade económicas, e dado ca rede da autoestrada deseñouse para poder circular por ela dun xeito máis seguro e cunha velocidade superior á que permiten outras vías, acurtaríanse os tempos de desprazamento de moitos dos nosos cidadáns que actualmente non se poden permitir este desprazamento por autoestrada polo seu alto custe. Aumentaríamos tamén a seguridade dos usuarios e ó mesmo tempo melloraríamos a calidade de vida de tódalas veciñas e veciños de Teis que teñen que soportar o tráfico portuario e da zona Franca.

Si Sr. Fidalgo é unha cousa moi seria e o que queremos é facer cidade e hai que facer cidade dende tódalas administracións non só dende o Concello de Vigo. Polo dito anteriormente solicitámoslle o voto no seguinte acordo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Anuncio que o BNG imos votar a favor desta moción coa que estamos de acordo. Moito se ten falado da autoestrada AP-9, moito se ten dito das peaxes, moito se ten reivindicado conforme a esa vía que nestes momentos é a vía fundamental que enlaza e que da mobilidade as dúas cidades máis importantes da provincia e a todo o seu entorno, pero por riba do todo o dito e do falado hai unha cousa que sempre quedou moi clara, primeiro, estamos diante da autoestrada, efectivamente coincido co Sr. Regades, máis cara de todo o Estado español. Unha autoestrada que a día de hoxe está absolutamente amortizada o Sr. Aznar e compañía cando privatizaron esta autoestrada déronlle un auténtico negocio aos señores de AUDASA, negocio porque está absolutamente amortizado, polo tanto nós queremos ir moito máis alá, hai que empezar a falar xa, Sres. do Partido Socialista tamén, da liberación total das peaxes entre a autoestrada Vigo-Pontevedra AUDASA tennos que empezar a devolver aos galegos/as o moito que se ten beneficiado desa privatización.

Agora anúncianos unhas rebaixas que son unha auténtica trampa electoral, porque onde se ve que nos rebaxen a peaxe e lle autoricen a AUDASA que no 2017 pode compensar as perdas ou pode compensar esas rebaixas e mailo gastos que teña

con outros accesos que lle pida o Ministerio de Fomento, esta rebaixas son unha auténtica trampa, é dicir, no 2017 os galegos/as volveremos ter que pagar os cartos que nestes momentos se nos rebaixa.

Tamén queremos dicir unha cousa, que se esquezan de ampliacións, que non xustifiquen as peaxes coa posible futura ampliación de Rande, que non a queremos, que a cidadanía hoxe non quere esa ampliación, para a cidadanía hoxe non é prioritario, que se deixen de gastar cartos en ampliacións e en buscar outros accesos e que lle deán pulo dunha vez por todas á alternativa a autoestrada que é famosa autovía Vigo-Pontevedra. Que distintos gobernos tanto do PSOE como do PP tiveron paradas e non impulsaron simplemente por seguir permitindo que AUDASA seguira facendo negocio, e esa é a única razón pola que non se avanza e que os nacionalistas vimos reivindicado simplemente para que AUDASA siga cobrando e se siga lucrando a costa dos galegos/as.

Vostede falaba de algo moi importante que é tráfico pesado en Sanjurjo Badía e Teis, por iso nós ímoslle engadir un punto a súa emenda porque o Ministerio de Fomento do Sr. Blanco non quixo no seu momento declarar tramo urbano o tramo Rande-Vigo, que solucionaría eses problemas de tráfico e agora tampouco o Partido Popular quere declaralo. Por iso nós, igual que fai a nosa Deputada Olaya Fernández Dávila no Parlamento do Estado, imos seguir insistindo en que é fundamental para solucionar o tráfico pesado, tanto de Sanjurjo Badía como de Travesía, que dunha vez por todas se declare urbano o tramo comprendido entre Rande e Vigo porque é o que fixo AUDASA e os Ministerios respectivos noutras moitas cidades, onde a entrada das autopistas ao centro urbano son tramos urbanos nos que os concellos poden intervir e polo tanto solucionar eses problemas.

En definitiva se nos aceptan a nosa emenda votaremoslle a favor desta moción, pero xa anunciamos que a partir de xa o BNG falará de liberación e a esixir dunha vez por todas a liberación total das peaxes que son escandalosas e sangrantes para a economía dos galegos/as e tamén dos vigueses/as.

SR. FIGUEROA VILA: Parece que esta moción estivo nun caixón dous ou tres anos polo menos, invernou bastante ben porque Sr. Regades eu teño por aquí tódalas mocións que se presentaron con respecto á ampliación e ás peaxes e vostedes nos

últimos catro, cinco anos non tiveron ningunha proposta neste senso, senón todo o contrario votaron en contra daquelas que presentou o Partido Popular e algunhas tamén o BNG. Polo tanto seguramente se esqueceu de presentarlle ó Sr. Blanco, se lla houbese presentado o Sr. Blanco estou totalmente convencido que lla houbese aceptado ou polo menos teríase feito algo, pero non debía de coñecer a realidade desta situación. Está ben que a presente agora, que se lembre agora, pero a pregunta é onde estivo vostede durante os cinco últimos anos para presentar esta moción no Pleno da corporación ou noutras institucións do Estado?.

Con respecto ao BNG, é bo que aqueles que hai anos dixeron que non as autopistas e incluso dixeron que eran unha navallada a Galicia que agora falen xa de liberación, é dicir, non falen de que as autopistas se vaian mellorando, se vaian tomando decisións acordes cunha situación económica difícil e complicada. Seguramente poderíamos discutilo e analízalo e o mellor entre todos poderíamos facer unha proposta conxunta. A min paréceme máis grave a forma porque as institucións e as persoas teñen que intentar manter un clima de cordialidade, sobre todo cando noutras administracións gobernadas por outros compañeiros ou colegas ou adversarios políticos teñen un compromiso firme con esa cidade ou están intentando levar a cabo proxectos importantes, como pode ser a Ministra de Fomento, unha persoa que está totalmente implicada con esta cidade, que ten un compromiso firme coa cidade de Vigo, que coñece Vigo como a palma da súa man e que proba diso é que durante este último ano ten compromisos, non só verbais, senón compromisos no BOE en obras importantes que son decisivas para que Vigo siga avanzando como pode ser o AVE a estación do AVE, a estación Intermodal, o apoio ao Porto e como pode ser proxectos de futuro que están marcha. E sobre todo cando xa tomou decisións con respecto a esta autoestrada ou a este vial importante de comunicación coa nosa cidade, acaba de tomar decisión de reducir o 50% dos viaxes cando se fagan ida e volta no mesmo día, e iso é importante porque estívose loitando moitos anos e non se acadou.

E tampouco hai que esquecer que no ano 96 un goberno do Partido Popular foi capaz de liberar, cando se quería poñer unha peaxe entre Puxeiros e o Aeroporto, Candean e toda a zona de Cabral co centro da cidade, e alí ganouse unha batalla importante que foi recollida por un goberno onde estaba o actual presidente o Sr. Rajoy. Por iso eu creo que as formas son fundamentais e si queremos acadar

resultados hai que levalos pola vía institucional e a min paréceme unha falta de respecto político e persoal que este tema non se houbese tratado doutra maneira, creo que un goberno da cidade como Vigo ten que ter contacto permanente cos responsables políticos doutras administracións, e sobre todo cando nesa administración hai unha persoa como a Ministra Ana Pastor que é receptiva a tódalas peticións da nosa cidade.

Polo tanto eu creo que o goberno de Vigo equivócase rotundamente ó facer esta proposición a través dunha moción, isto tiña que ser unha petición expresa do Alcalde acompañada de tódolos corporativos ou como se queira formular para que se poida facer en forma, en tempo e sobre todo teña a receptividade que ten que ter, porque a Sra. Ministra ten receptividade coa cidade de Vigo; polo tanto creo que é un erro institucional creo que se equivocan vostedes, eu pediríalle que retirara esta moción, dámoslle o respaldo ao Sr. Alcalde para que faga as xestións coa Ministra e a min paréceme que a Ministra se merece que o Alcalde descolgue o teléfono e fale con ela, e a partir de aí montaremos a estratexia política que este Pleno e esta Corporación teña que poñer en marcha. Nós imos pedir a retirada desta cuestión, senón evidentemente non votaremos afirmativamente, absterémonos pero parécenos Sr. Alcalde que eu aras dunha boa relación institucional que sei que existe, que me consta e que así tamén mo traslada a Sra. Ministra cando falo con ela, paréceme que as formas deberían ser importantes, e supoño que vostede cando foi Ministro lle gustaría que cando tiña un compromiso con alguén lle descolgaran o teléfono ou lle mandaran unha carta ou unha petición antes de facer unha proposta nun Pleno como pode ser unha moción.

A PRESIDENCIA: Este apoio do Pleno non se ten que enfocar como un ataque senón como a cooperación deste Concello coa Ministra de forma leal e respondéndolle, efectivamente, ao que está facendo na cidade.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Vigo está cercado polas catro peaxes máis caras de toda Galicia e pola entrada máis cara que ten Autopistas de España e bo o Partido Popular parece que non se quere dar conta.

Sr. Figueroa claro que ten razón que se llo pediramos ao Ministro Sr. Blanco o habería feito, claro que ten razón, igual que se fixo a gratuidade da Ponte de Rande

igual que se conseguiu un novo aeroporto para Vigo, infraestruturas no Porto, a entrada o AVE, a estación do ferrocarril de Thom Mayne, como todos vostedes saben.

Cando din “as formas e a implicación”, non tivo ningún problema o Partido Socialista para que neste Pleno, que é a máxima representación do pobo de Vigo, se aprobasen mocións que se trasladaron ao goberno socialista do Sr. Rodríguez Zapatero, non tivo nunca o Grupo Socialista ningún problema, todo o contrario, porque críamos que este Pleno era a máxima representación que ten a cidadanía de Vigo e o consenso entre tódolos grupos porque neste caso o goberno da cidade é un goberno dunha soa cor, da cor socialista, e imos levar unha moción que eu esperaba que fora dos tres grupos pero finalmente só vai ser do Grupo Socialista e do BNG. Sr. Domínguez a reflexión que vostede fai do tráfico que se está soportando, como xa dicíamos na nosa primeira intervención, a xente, os veciños/as de Teis a calquera hora do día e da noite e sobre todo con tráfico pesado que accede ao Porto temos que poñerlle fin, por suposto que si.

Cando falabamos da mobilidade entre os cidadáns/as pois claro que é importante, non podemos permitir e o Partido Popular non pode permitir tampouco, que as autoestrada de Madrid custen 14 veces menos cas autoestrada de Vigo.

Presentase polo concelleiro do grupo político municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, unha emenda de engádeda que di:

“Engadir un 2º punto co seguinte texto:

2.- Instar ao Ministerio de Fomento a que declare como urbano o treito comprendido entre Rande e Vigo.”

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

**VOTACIÓN DA EMENDA** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso

Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, acórdase engadir o texto da emenda.

VOTACIÓN E ACORDO DA MOCIÓN: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro,

ACORDASE:

- 1.- Instar ao Ministerio de Fomento a que libere a peaxe da Autopista AP-9 nos últimos dous quilómetros de entrada a Vigo.”
- 2.- Instar ao Ministerio de Fomento a que declare como urbano o treito comprendido entre Rande e Vigo.”

**5.3(9).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO AO MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA A REVISAR A SUBVENCIÓN AO TRANSPORTE COLECTIVO URBANO, EXERCICIO 2012. EXPTE. 593/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro, número 593/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O Ministerio de Economía e Facenda comunicou a este concello a Subvención ao Transporte Colectivo Urbano, correspondente ao exercicio 2.012. A subvención concedida supón unha redución do 30 por cento con respecto ao exercicio anterior, supoñendo unha diminución de medio millón de euros.

O goberno local incrementou nos últimos 6 anos a achega orzamentaria ao transporte urbano de forma moi notable, chegando a duplicalo, de forma que sexa

unha subvención directa ao cidadán.

A redución da achega estatal supón un grave prexuízo para os vigueses, dado que o Goberno Local deberá facerse cargo desta diferenza.

Polo dito anteriormente, solicítase ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte:

#### ACORDO

- Instar ao Ministerio de Economía e Facenda a revisar a subvención ao transporte colectivo urbano, correspondente ao exercicio 2012, mantendo como mínimo a subvención asignada no exercicio 2011.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 21 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Gracias Alcalde. Volvemos traer unha moción contra os recortes aos cidadáns e contra os recortes a unha cidade neste caso a Vigo.

Volvemos traer unha moción con argumentación política, só o que se dedica a insultar é o que non ten argumentacións políticas, eu rematarei a miña presenza neste Pleno sen haber insultado absolutamente a ninguén. Define moito a aqueles que non tendo argumentos políticos só lles queda o insulto.

A política de transporte público é unha prioridade deste goberno, foino dende un primeiro momento, dende o ano 2007, a aposta económica que fixo este goberno polo transporte público fronte a incapacidade do anterior goberno foi determinante. Que fixo o goberno da Sra. Porro e do Sr. Figueroa? En todo, pero tamén en transporte, predicar pero sen dotación orzamentaria, un completo desastre para esta cidade en materia de transporte público.

A primeira achega deste goberno, en xullo de 2007, foi regularizar as contas con relación á concesionaria, é dicir, poñer cartos, regularizar, cuestión que non fixo o goberno anterior, e apostar por unha evolución de incremento da achega ao transporte en anos seguintes e en orzamento. Pero achega ao cidadán, unha achega directa ao que ten que pagar cada un dos vigueses por utilizar o transporte público, porque en materia de subvención, de redución do prezo nada que ver, concelleiros do Partido Popular, coas achegas á empresa concesionaria, non señores do Partido Popular o que facemos dende o goberno é unha achega directa ao cidadán que baixa o prezo que ten que pagar, por iso págase menos aquí que en calquera cidade de España, esta política directa do Alcalde é a que entenden os

vigueses que viron a política do conxelacións, a política de aboamentos, de apoio aos aboamentos, porque evidentemente as únicas conxelacións que se fixeron en transporte público foron as que decidiron este goberno. Que ven os vigueses? Sobre todo a firmeza e a inflexibilidade deste goberno ante a empresa para que aporte aos vigueses, así pódese entender o acordo que se adoptou na Xunta de Goberno en decembro sobre a achega que debe realizar a empresa concesionaria para que o beneficio redunde nos cidadáns, como se fai co resto das concesionarias a diferenza do que fai o Partido Popular onde goberna, coa forza moral que todos temos que aportar en situacións de crise, é evidente que isto é moi difícil de entender por parte do Partido Popular, acuñou este termo de paraíso das concesionarias e o único paraíso das concesionarias é onde goberna o Partido Popular e foino Vigo cando gobernaba a Sra. Porro; invito a quen o queira ver, a contemplar como foron as concesións da SER e da Grúa, iso si que literalmente é un paraíso das concesionarias.

Nós facemos posible unha política de apoio ao transporte público pero para que esta achega ao transporte público sexa a que queremos para os cidadáns, e non vale vir aquí cando se debatan ordenanzas, cando se solicitan que se conxelen tarifas, é fundamental a achega estatal. Cos gobernos do Partido Socialista a achega estatal para o transporte colectivo urbano desta cidade incrementouse notablemente, é dicir, dende o goberno central o Partido Socialista apoiou o transporte urbano cidadán, pero como di a canción “nisto chegou o PP” e a consigna xeral foi reducir as achegas e a consigna específica é reducir maior e adicionalmente á cidade de Vigo. Ténome moito que nalgunha destas decisións políticas teñan que ver os concelleiros do Partido Popular e o Partido Popular de Vigo, o que é evidente é que a axuda estatal a esta cidade, é dicir, a tódolos vigueses decae no ano 2012 nun 30% e aquí si que espero que dunha vez por todas os concelleiros do Partido Popular defendan aos vigueses.

SR. ALONSO PÉREZ: Teño que confesar que aínda me estou recuperando de algo que acabo de escoitar neste Pleno. Non é só que se insulte senón que ás veces se din cousas que non se deben pensar, senón é imposible. Como un membro do Partido Popular di que o BNG esquecese da política de emprego? O partido que goberna no Estado, que ten a responsabilidade do emprego en Galicia e que fai



aumentar o 10% ó desemprego dende que están gobernando vótalle a culpa ao BNG, isto é para alucinar, a verdade é me estou recuperando de semellante improperio, cousa non pensada, supoño que tivo un lapsus, o partido que governa no Estado e na Xunta vótalle a culpa ao BNG do desemprego da Galicia, ao mellor tamén do desemprego de non sei onde.

O Partido Popular está facendo pleno nos recortes, recorta en Sanidade, en Educación, en Axuda de emprego agora recorta en Transporte, o transporte público é o transporte máis sostible e que ademais o empregan a xente que máis padece a crise, a xente que máis problemas ten é a que utiliza o transporte público, polo tanto as Administracións o que temos que facer e sumar accións para axudar ao Transporte público e deixarnos de dicir cousas incoherentes e que non teñen ningún sustento razoable.

Este ano o Bloque Nacionalista Galego puxo enriba da mesa unha condición para aprobar os Orzamentos do ano 2013 e é que se conxelara o billete de VITRASA, o billete de autobús, e é coherente porque son as familias que peor o pasan aquelas que utilizan este transporte.

Señores do Partido Popular, teño escoitado estes días que “como o Bloque Nacionalista Galego condicionaba a suba do VITRASA este ano, por que poñía esa condición”, porque nós podémolo facer, porque nós temos unha política coherente, o Partido Popular non o pode facer porque pide que non se suba o VITRASA en Vigo e a súa vez recorta en Madrid o apoio ao Transporte Público, iso é incoherencia, o BNG pódoo facer porque é coherente, sempre co apoio ao Transporte Público.

O BNG tivo nun goberno desta cidade a responsabilidade do Transporte Público e deulle un volco e hai que lembrar aquí a acción cando Sr. Xaquín Dacosta, membro do BNG, tivo responsabilidade do Transporte e hai algúns compañeiros e compañeiras que hoxe están nesta Corporación que seguramente non saben nada, son novos non o saben, pero hai estudar a historia desta cidade.

Cando o BNG gobernou puxo o billete de transferencia, puxo un bono-bus que non caducaba, fixo unha remodelación das liñas da cidade para levar o Transporte á periferia, puxo as lanzadeiras á Universidade, o BNG pode falar de Transporte porque é coherente, ten un discurso, que cando governa o aplica e cando está na oposición esixe e cando ten que condicionar uns orzamentos pódoo facer.

Neste momento o BNG tenlle posto ós Orzamentos da Xunta de Galicia do ano

2013 unha emenda para solicitar para o Transporte Urbano de Vigo un millón de euros, porque seguramente moitos dos que estamos aquí tampouco sabemos, nós si, porque puxemos a emenda razoadamente, que a Área Metropolitana de A Coruña leva dende o ano 2010 ao ano 2015 dezanove millóns de euros, non me equivoquei de cifra, que espero que sirvan para mellorar o Transporte Metropolitano de A Coruña, pero en Vigo non se pode facer unha redución de 500.000 euros, do 30% do apoio que necesita o Transporte Público Urbano da cidade, dende o goberno do Estado. Polo tanto hai que esixirlle ao Partido Popular coherencia, que non nos falen a nós de desemprego, e que voten a favor do que hai que facer e é que a cidade de Vigo precisa colaboración para apoiar o Transporte Urbano da Cidade.

SR. ARAÚJO PEREIRA: A verdade é que quedo atordado coas cousas que se escoitan neste Pleno. Sr. López Font, gustaríame que me presentara ós once millóns de vigueses que reciben os once millóns de euros que lle da á Concesionaria, xa que é directo o apoio aos da Concesionaria vigueses e usuarios, intenta escudarse en que está aportando cartos á Concesionaria e que aos vigueses nos sae en once millóns de euros máis caro, o Transporte en Vigo non funciona, pero non funciona e séguense subindo os prezos e se non se paga este ano pagarase o ano que ven porque a Concesionaria por procedemento administrativo vai querer cobrar, e cando vaian a lei teremos que pagar tódolos vigueses.

Estimado Sr. Alcalde, Sr. Concelleiro de Seguridade e Tráfico, estaríamos encantados que o Concello tivera maior apoio económico, que sexa posible un maior apoio económico tanto Autonómica como Estatal. Non sabemos o que pretenden coa presentación desta moción, sorpréndeme que non estean informados da realidade económica deste país, unha realidade deplorable cunha falla absoluta de confianza dos inversores, cun descrédito social ante os políticos e cunha débeda do país global desproporcionada. Vostedes pensan que o actual goberno España, e non o causante está tratando de desmontar estas dificultades e que é o suficientemente serio para non gastar o que non se ten, non lle gustaría manter a contía global da subvención ao Transporte Colectivo?. Pois claro, pero é a realidade de ter feita unha xestión desacertada por parte dos seus predecesores, hoxe en día a situación económica española é deficitaria e obriga a facer axustes

aínda que non gusta a ninguén.

Me sorprende que descoñeza o procedemento administrativo, Sr. López Font, estamos a pedir que se aumente unha subvención que está pechada, que está adxudicada, vostede coñece o procedemento administrativo de verdade? Podería preguntárllelo ao Secretario ou ao Interventor, poderíamos pedir outra subvención, outra liña de axuda, pero sobre unha que xa está paréceme absurdo, e intentamos que non sexa ilegal o apoio desta moción, porque apoiala sería a toda luces ilegal porque iría contra o procedemento administrativo e non imos a apoiala desta maneira.

A verdade é que si estudáramos a evolución dende o 2009 é que a subvención vai baixando de forma proporcional. No 2009 non estaba o Sr. Rajoy e de 2009 ao 2010 baixou, do 2010 ao 2011 baixou, e efectivamente do 2011 ao 2012 tamén baixou, e é normal porque as liñas de axudas están para apoiar pero non para que o transporte non sexa eficiente, non sexa rendible e non sexa autosostible.

Por outra banda, podemos observar que o importe da axuda para incentivar o Transporte Colectivo en Vigo mantén unha liña proporcional sobre o importe global da subvención, non se fai unha excepción con Vigo é proporcional.

Por último, lembrarlle que para poder recibir axudas para incentivar o Transporte Colectivo hai que crer neste tipo de transporte e facer labores de promoción e apoio que o fagan crecer e sexa merecida a axuda, non como nos últimos anos nesta cidade, o Transporte Colectivo cada vez é máis caro para os usuarios e o servizo presenta moitas deficiencias facendo que os usuarios sexan cada vez menos e este menos valorado.

Poden ver a gráfica da evolución dos últimos anos do Transporte Colectivo Urbano ten unha tendencia claramente negativo, iso é un problema, aquí si que non se miran os apoios e como se adoita dicir as cousas que están ben, ben parecen. Non se fan campañas de promoción e información do servizo real e cada vez e menos coñecido pola cidadanía, non se apoia a outros sectores como é o Taxi para que fagan servizos de Taxi-Bus en zonas onde non sexa rendible un servizo cun vehículo grande e de maior custe.

SR. LÓPEZ FONT: Vostede estará atordado, pero eu, a pesar de que sorprenden cada día, non deixo de sorprendeme.

Sr. Concelleiro, todo o que aporta este goberno ao Transporte Urbano, once millóns,

vai directamente aos cidadáns, a factura que soporta este Concello mes a mes vai dividida pola axuda ao billete ordinario, pola axuda ao bono-bus e pola axuda aos distintos colectivos que teñen tarifa diferente, polo tanto sorpréndeme moito que vostede teña este grao de descoñecemento e o colmo xa, e que falen vostedes do paraíso das concesionarias e cando este goberno lle pída unha Concesionaria que conxele un prezo en beneficio dos cidadáns, vostede está dicindo que imos a perder, é o colmo literalmente, vostede o que debería facer é posicionarse a favor dos acordos que tomou este Goberno.

A Sra. Porro no ano 2006 aportou ao Transporte Público cinco millóns, este goberno aporta once millóns, xa o colmo é que vostede queira xustificar a subvención estatal cun grao de descoñecemento, sabe os quilómetros de liña que ten esta cidade? ten 541 km fronte a 162 do Concello de A Coruña e resulta que a cidade de A Coruña ten nesta subvención máis cartos que a cidade de Vigo, certamente isto é incomprendible.

O único que está facendo coa súa posición é un ataque directo aos cidadáns, nós defendemos o transporte público e que non entendo como vostede é capaz de xustificar os axustes cando ten que pagar o Partido Popular e cando chegan aquí ao Pleno do Concello de Vigo dicir conxelen tarifas, conxelen a auga, conxelen o transporte que ocorre que só valen os axustes para os gobernos nos que están vostedes? Aquí non temos que axustar senón que temos que estar a favor dos cidadáns, afortunadamente, a pesar do pouco que axudan vostedes, é o que facemos, porque as únicas conxelacións da tarifa da auga e do transporte público que se deron nesta cidade foron sendo Abel Caballero, Alcalde desta cidade, e a pesar de vostedes.

Non me éstrana a deriva que levan cara os recortes e cara a privatización, estámolo vendo en tódolos sitios, están atacando ao estado de Benestar e o que é evidente é que en Vigo pasará como en Madrid, entregaron un hospital aos intereses privados e estou case seguro que algún de vostedes acabará traballando nese hospital e xestionándoo como xa fixeron en Madrid.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do

PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Instar ao Ministerio de Economía e Facenda a revisar a subvención ao transporte colectivo urbano, correspondente ao exercicio 2012, mantendo como mínimo a subvención asignada no exercicio 2011.

**5.4(10).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, INSTANDO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE QUE A POBOACIÓN DAS ÁREAS SANITARIAS DE PONTEVEDRA E O SALNES, TEÑAN COMO REFERENCIA PARA A CIRURXÍA CARDÍACA A UNIDADE DO HOSPITAL DO MEIXOEIRO, E A DISPOSICIÓN DE MEDIOS PARA ESTA UNIDADE. EXPTE. 594/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro, número 594/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

“Desde a primavera do ano 2012, a Consellería de Sanidade adscribiu as Áreas Sanitarias de Pontevedra e do Salnés á de Santiago para os tratamentos mediante cirurxía cardíaca. Isto supón retirar 300.000 persoas que tiñan como referencia a Unidade de Cirurxía Cardíaca, situada no Hospital do Meixoeiro e xestionado pola Empresa Pública Galaria.

Aínda que esta medida se presentou oficialmente como temporal e reversible nos primeiros meses do 2012, o recorte orzamentario previsto nos orzamentos do SERGAS para o exercicio 2013, obrigará a Galaria a diminuír as intervencións de

cirurxía cardíaca no Sur de Galicia. Iso supón na práctica a irreversibilidade da medida tomada e a perda para a Unidade do Meixoeiro das 300.000 persoas. Poboación necesaria para a eficiencia, consolidación e crecemento de devandita Unidade.

Polo dito anteriormente, solicítase a adopción do seguinte:

#### ACORDO

Solicitar da Consellería de Sanidade:

1. Que a poboación das Áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnes volvan ter como referencia para cirurxía cardíaca a Unidade situada no Hospital de Meixoeiro.
2. Que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta Unidade de Cirurxía Cardíaca e que se permita realizar polo menos o mesmo número de intervencións que as previstas para 2012.
3. Que ata o momento en que a Unidade de Cirurxía Cardíaca dispoña dos medios suficientes para atender á poboación do sur de Galicia, se incrementen e se utilicen todos os recursos dispoñibles na Área Sanitaria de Vigo para dar resposta ás necesidades actuais de Cirurxía Cardíaca do Sur (Vigo, Pontevedra, Salnés) de Galicia.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 21 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Dende a primavera do ano 2012 a Consellería de Sanidade adscribiu as áreas de Sanidade de Pontevedra e do Salnés á de Santiago para os tratamentos mediante cirurxía cardíaca. Esta situación supón retirar máis de 300.000 persoas que tiñan como referencia a Unidade de Cirurxía Cardíaca situada no Hospital do Meixoeiro e xestionada pola empresa pública Galaria, a xustificación do SERGAS é a necesidade de diminuír o tempo de espera que, segundo datos oficiais, estaba situado naquel momento en 107 días.

Antes de seguir quería comentar que non estamos falando dun servizo máis de cirurxía cardíaca en España, estamos falando dun dos servizos punteiros de cirurxía cardíaca do Estado, distinguido pola súa eficiencia, pola súa calidade e pola súa seguridade. Aínda que a medida presentada polo SERGAS, presentouse oficialmente como temporal e reversible nos primeiros meses do ano 2012, o recorte orzamentario previsto nos Orzamentos do SERGAS para o exercicio do 2013

obrigará a diminuír as intervencións de cirurxía cardíaca no Sur de Galicia, do supón na práctica a irreversibilidade da medida tomada e a perda para a Unidade do Meixoeiro das 300.000 persoas que fan a masa crítica necesaria para garantir un servizo de calidade, de seguridade e cun progreso profesional que realmente necesita o Sur de Galicia.

Por todo isto, en nome do Grupo Municipal do Partido Socialista, solicito a este Pleno deste Concello que aprobe a seguinte proposta: solicitar primeiro á Consellería de Sanidade que a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan a ter como referencia para a cirurxía cardíaca a Unidade situada no Hospital Meixoeiro.

Segundo, que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta Unidade de cirurxía cardíaca e que se permita realizar ó menos o mesmo número de intervencións que as previstas no ano 2012.

Terceiro, que ata o momento que a Unidade de cirurxía cardíaca dispoña dos medios suficientes para atender á poboación do Sur de Galicia e garantir os tempos de espera recomendados, se incrementen e utilicen tódolos recursos dispoñibles na área sanitaria de Vigo, para dar resposta ás necesidades actuais da cirurxía cardíaca do Sur de Galicia, Vigo, Pontevedra, Ourense e o Salnés.

Ben entendido, neste terceiro punto, que non se trata baixo ningún concepto de que entre o sector privado a prover este servizo na área do Sur senón que se utilicen medios complementarios físicos, como quirófanos que xa se utilizan noutros centros, para garantir a continuidade deste servizo coa poboación de 1.200.000 habitantes, imprescindibles para a continuidade, garantía e calidade do propio servizo.

En aras precisamente do consenso que se busca para que sexa un medio esencial para o progreso profesional e para a calidade e seguridade desta especialidade, prescindín aquí de facer xuízos de valor, de traer os motivos ocultos que realmente hai nesta medida, prefiro eludilos para que coa maior posibilidade de consenso pidamos a reversión desta situación que desgraciadamente é irreversible e témome que vai ser irreversible no futuro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Outra vez máis, e xa son moitas por desgracia, que chega ao Pleno desta Corporación unha moción sobre Sanidade. O Bloque

Nacionalista Galego só pode presentar unha moción en cada Pleno senón evidentemente teríamos presentado en cada Pleno unha moción sobre Sanidade, porque estamos diante dunhas políticas sociais e sanitarias do Partido Popular que son un auténtico espolio e escándalo sobre tódalas clases menos favorecidas.

Todo encaixa, Sr. Rodríguez Escudero, non é casualidade, hai que desaprobar a saúde pública nos elementos máis punteiros, máis vantaxosos, hai que reducir servizos porque o obxectivo é único, facer que as operadoras privadas e que as grandes compañías privadas que ofertan servizos nas áreas sanitarias fagan negocio, esa é a única conclusión e obxectivo das políticas sanitarias do Partido Popular.

Estes días decatámonos que a empresa a que lle privatizan un Hospital en Madrid acaba de recibir, nada máis e nada menos, que once millóns de euros dos cartos públicos para que esta empresa faga negocio, o mesmo que por desgraza vai acontecer co futuro Hospital de Vigo, é dicir, vostedes priman o negocio privado sanitario por enriba da saúde das persoas e iso é escandaloso. Vostedes están facendo bo a Francisco Franco, a un ditador, e digo por que, eu lémbrome cando tiña 7 ou 8 anos que escoitaba a miña nai que sempre nos dicía aquilo de “meus fillos non podemos gastar moito que como teñamos unha enfermidade non nós podemos empeñar” e por desgraza despois de máis de 40 anos volvemos a mesma situación. Hoxe as clases dos traballadores/as, das persoas con dificultades económicas teñen pánico a poñerse enfermos, non pola propia enfermidade en si senón por como a van a sufragar, e iso é escandaloso, que primemos o negocio privado por enriba da saúde das persoas.

Agora toca á cirurxía cardíaca, parece que neste país estannos a inculcar, os señores do Partido Popular, que ter un infarto é un luxo, creo que van ter que irse a Xapón e convivir cós Ministros xaponeses que dicían hai uns días “que os señores maiores non se deben poñer enfermos” case mellor que morran, víñano a dicir así.

Coas políticas que vostedes están facendo, están dicindo que os vigueses/as non merecen ser atendidos na súa propia cidade, iso xa é colmo, vostedes están facendo que os nosos mozos teñan que ir a traballar fora, que miles de familias viguesas non poidan ter o mínimo sustento económico, pero é que ademais agora supéranse, e estanlle a dicir tamén aos vigueses/as que cando enfermen se teñen que ir a Santiago, iso si, para cobrarlle despois pola ambulancia que os leve, para



seguir cobrándolles as peaxes de Vigo a Santiago e seguir cobrándolles a atención, esa é política do Partido Popular. “A Xunta privatiza o mantemento de toda a tecnoloxía básica de Hospitais e Ambulatorios”, leo textualmente, “o SERGAS sobe as tarifas un 2,5% e fixa en quince euros o uso da ambulancia”, “os médicos ven difícil cumprir os tempos de espera sanitaria por falta de recursos, Sanidade poderá ampliar o máximo de sesenta días de espera que fixa a lei, por causas económicas” e o último “o SERGAS quita a 300.000 persoas a cirurxía cardíaca de Vigo”, sobran máis comentarios.

SRA. CENDÓN ALONSO: En primeiro lugar dar a benvida aos alumnos da Escola San Miguel e agradecerlles a súa perseveranza porque xa é o terceiro intento, espero que sexa proveitosa a súa presenza aquí.

Gustaríame trasladar o recoñecemento do grupo Popular ao servizo de cirurxía cardíaca de Galaria, sesenta e cinco profesionais que conseguiron no último ano os mellores resultados da súa historia, máis intervencións, menos listas de espera, menos demora e menos mortalidade, por debaixo da media española. Felicitamos e agradecemos ao Doutor Pradas e ao seu equipo o aumento da eficiencia e a recuperación do prestixio do Servizo de Cirurxía Cardíaca.

Dito isto, convén facer unha mención a como funciona a cirurxía cardíaca en Galicia. Temos tres unidades de cirurxía cardíaca a do Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña que atende ás áreas de A Coruña, Ferrol e Lugo; o Complexo Hospitalario de Santiago que atende á área de Santiago e o noso Hospital o do CHUVI que atendía no 2012 as áreas de Vigo, Pontevedra, Salnés e as tres áreas que integran a provincia de Ourense. A primeira vista xa parece que é unha grande desproporción con respecto ás áreas asignadas aos hospitais, pero é que se recolle os datos comprobamos que isto é así, porque dos catrocentos nove pacientes en lista de espera, resulta que douscentos doce están na espera do Complexo Hospitalario de A Coruña con noventa días de espera, oitenta e tres esperan en Santiago con corenta e nove días de espera, e cento catorce esperan en Vigo con setenta e cinco días de espera. En abril do 2012 era exactamente o dobre a lista de espera que había en Vigo e había moita máis demora. Con esta situación e co aumento da demanda na área de Vigo e sen ningunha posibilidade de aumentar os recursos dispoñibles para a cirurxía cardíaca, non había outra

opción que reestruturar as áreas, o propio xerente do hospital e o responsable da área dicía “nas actuais dependencias non hai sitio para máis”, entón optouse por facer unha reestruturación dos pacientes asignados a cada unha das unidades, e como se fixo esta reestruturación? Evidentemente a máis saturada que é Vigo retiróuselle parte da poboación para asinala a que tiña menos pacientes que é a de Santiago, e que a área se lle asignou? Pois a máis próxima a Santiago, Pontevedra e o Salnés, que nalgúns casos quedaron moi beneficiadas porque Catoira está máis cerca de Santiago, Vilagarcía está máis cerca de Santiago ou Cambados Valga. Con esta medida conseguimos diminuír vinte cinco días a demora e acurtar a lista de espera á metade, eu creo que ninguén se pode opoñer a esta medida, unha medida transitoria que require da posta en marcha do novo hospital de Vigo, como así o dixo hai uns días o responsable da Unidade “urxe a posta en marcha” doutra maneira non se pode conseguir, este hospital ao que vostedes lle negan a auga, luz, teléfono, a fibra óptica, os viais, todo Sr. Escudero o que ten que facer é apoiar un pouco máis esta proposta e non mandar aos colectivos contra o hospital porque mentres tanto non podemos reverter a medida.

Gustaríame que explicara mellor o terceiro punto, tan confuso, vostede estao a dicir, non me diga “quirófanos dispoñibles”, eses quirófanos hai que alugalos e témolos dispoñibles na Unidade de Santiago.

Sr. Domínguez Olveira, vostede que fala tanto de privatización, se apoia esta moción que saiba que o que está apoiando é o que o Sr. Rodríguez Escudero apoiou toda a vida, a derivación de pacientes cara a clínicas privadas porque na área de Vigo eu só coñezo unha pública e é a de Galaria, tódalas demais son privadas e temos en Santiago un hospital inutilizado, cunha Unidade de cirurxía Cardíaca moi válida a que se lle asignou temporalmente unha área que está moi próxima.

Sr. Domínguez, ningún usuario de Vigo vaise a Santiago, vanse os de Pontevedra e os do Salnés, os de Vigo continúan operándose aquí con vinte e cinco días menos de espera, ou sexa, mellorou a asistencia para Vigo e para Ourense.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Non poderá dicir xamais, Sra. Cendón, que non fun prudente na primeira intervención, fun prudente e delicado porque realmente hai cousas que non me gustaría dicir aquí pero vostede obrígame a facelo en honor a verdade, e baixo ningún concepto voulle a permitir que diga si eu vivo ou deixei de

vivir desviando pacientes á privada, precisamente esa é unha característica que nunca fixen, poderano facer xente máis achegada a vostede e doutros ámbitos, pero non vou a entrar en discusión persoal.

Vostede mente, ademais ten un descoñecemento supino, non se parou nunca nin sequera a ver a planificación, nin os criterios xerais de planificación de cirurxía cardíaca que fixo precisamente o propio Ministerio de Sanidade recentemente no ano 2012, ou os criterios internacionais que hai sobre o tema.

Vostede mente porque para reducir a lista de espera non fai falla quitarlle poboación a unha área, fai falla en todo caso desviar puntualmente pacientes a un servizo, pero non quitarlle poboación. Polo tanto ese principio do que vostede parte é mentira e cun descoñecemento total da realidade, insisto, para quitar un servizo de cirurxía e diminuír a lista de espera non fai falla quitarlle poboación, fai falla desviar transitoriamente pacientes ao servizo máis próximo de cirurxía cardíaca, vostede non ten nin idea e perdoe porque sabe o afecto que lle teño persoalmente.

En segundo lugar, en Galicia só teñen cabida dous servizos de cirurxía cardíaca, todo o demais é fragmentar, dar inseguridade; criterios Internacionais, criterios do propio Ministerio: un servizo por cada 1.200.000 habitantes, sabe cal é resultado disto? Que esas 300.000 persoas non volveran a área de Vigo onde se lle reduce a masa crítica ao servizo de cirurxía cardíaca do Meixoeiro e con iso redúcense as posibilidades de crecemento, de crecemento profesional e de progreso e garantías da área. Iso é o que pretende, darlle a Santiago unha poboación que non reúne e non podería ter a masa crítica necesaria de poboación para ter un servizo de cirurxía cardíaca, eu vivino e resistín esa presión, vostedes non.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego)

**VOTACIÓN E ACORDO:** Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e trece votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso,

Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro, prodúcese empate polo que, de conformidade co artigo 100.2 do RD 2568/1986, do 2 de novembro, efectúase unha nova votación. Ó se acadar o mesmo resultado, decide a votación o Presidente co seu voto de calidade producíndose o seguinte,

ACORDO:

Solicitar da Consellería de Sanidade:

1.- Que a poboación das Áreas sanitarias de Pontevedra e do Salnés volvan ter como referencia para cirurxía cardíaca a Unidade situada no Hospital de Meixoeiro.

2.- Que se anule a diminución orzamentaria prevista para esta Unidade de Cirurxía Cardíaca e que se permita realizar polo menos o mesmo número de intervencións que as previstas para 2012.

3.- Que ata o momento en que a Unidade de Cirurxía Cardíaca dispoña dos medios suficientes para atender á poboación do sur de Galicia, se incrementen e se utilicen todos os recursos dispoñibles na Área Sanitaria de Vigo para dar resposta ás necesidades actuais de Cirurxía Cardíaca do Sur (Vigo, Pontevedra, Salnés) de Galicia.”

**5.5(11).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO AO BANCO DE ESPAÑA, MINISTERIO DE ECONOMÍA, COMISIÓN EUROPEA E OUTROS, A RESOLVER AS RECLAMACIÓNS DE PARTICIPACIÓNS PREFERENTES. EXPTE. 587/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de xaneiro, número 594/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

“O Grupo Municipal do Partido Popular quere amosar a súa comprensión e solidariedade coas persoas afectadas e o desexo de que recuperen canto antes os seus aforros, dos que son lexítimos propietarios.

Desde o momento no que xurde en Galicia o problema da comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas polas caixas de aforro integradas en NCG Banco, desde a Xunta de Galicia, no eido das súas competencias, tratouse de buscar unha solución para os adquirentes destas Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas.

Hai que lembrar que o problema non é novo e que tampouco é exclusivo de Galicia. De feito, das nove emisións vixentes de participacións preferentes, cinco tiveron lugar entre os anos 2005 e 2008. Pero, ademais, esta é unha práctica que se estendeu por toda España entre todas as entidades bancarias sen que ninguén (nin o Banco de España nin a CNMV) advertira claramente do seu perigo para os pequenos investidores ou aforradores. Tamén emitiron participacións preferentes bancos e caixas como Bankia, Bankinter, Banesto, Banco Sabadell, Banco Pastor, Santander, BBVA, CAM, Catalunya Caixa, Caja España, Ibercaja, Caixabank ou Kutxa Bank.

A Xunta de Galicia non ten competencias no eido do Sistema financeiro, as cales lle corresponden ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores (CNMV). Sen embargo, é público e notorio o esforzo feito desde a Xunta de Galicia para que a Arbitrase de Consumo fose unha realidade e permitise dar unha solución rápida, áxil e gratuíta a aqueles clientes que foron vítimas dunha comercialización inadecuada dos diferentes produtos híbridos, participacións preferentes e obrigas subordinadas. Desta forma, Galicia converteuse na primeira Comunidade Autónoma que promoveu esta vía, a pesares de que dende determinados sectores da política unicamente atopamos oposición a esta fórmula.

No momento actual, esa aposta da Xunta de Galicia pola Arbitrase de Consumo é unha realidade que está permitindo dar unha solución aos aforradores que foron enganados, vítimas dunha comercialización indebida.

É tan evidente esa realidade que a día de hoxe mais de 11.000 familias galegas xa recuperaron os seus aforros que tiñan en Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas, demostrándose a eficacia da Arbitrase de Consumo para resolver o problema social existente.

Téndose percorrido tanto camiño para a solución do problema, este grupo municipal entende que debe seguirse ese camiño da Arbitrase de Consumo ata o final, de xeito que todos os supostos de comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas nos que a comercialización por parte de NCG Banco fora con persoas cun perfil inversor inaxeitado se resolvan a través desta vía.

A pesares dos acontecementos derivados do rescate ao sector financeiro español consideramos que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas non poden sufrir quitas respecto ao nominal dos seus títulos. Neste sentido, sería desexable que o Ministerio de Economía e Competitividade intercedese ante las autoridades comunitarias para que non se producisen tales quitas. E en todo caso, de ter que producirse, debe instarse ás autoridades competentes a que sexan na menor contía posible e que os posibles canxes por

outro tipo de instrumentos financeiros se convertan en liquidez inmediata.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Instar ao Banco de España, ao Ministerio de Economía, á Comisión Europea e ao FROB e NCG Banco a que se continúen resolvendo, a través da Arbitrase de Consumo, todas as reclamacións presentadas en relación á comercialización de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas por NCG Banco, ata a resolución definitiva de todas elas, en todos aqueles casos que cumpran con condicións similares ós xa resoltos, é dicir, todos aqueles casos cuxos perfiles foron tidos en conta ata o momento actual.

2º.- Instar ao FROB, ao Banco de España, ao Ministerio de Economía e á Comisión Europea a que os tenedores de Participacións Preferentes e Obrigas Subordinadas de NCG Banco non teñan que sufrir quitas, e de ter que soportar quitas, que sexa na menor contía posible e que os canxes poidan ser obxecto da súa realización líquida inmediata.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do 21 de xaneiro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. FIGUEROA VILA: Dende as bancadas do Partido Socialista levase falando esta tarde moito de ataques ao estado de Benestar, recortes, de roubos, de moitos cualificativos sobre todo dalgún membro dunha maneira descarada e sobre todo atacando a un grupo como o noso o do Partido Popular. Sr. Font, nós estamos unidos, estamos traballando polos intereses xerais desta cidade, vostedes si que estafaron e roubaron a mais de 40.000 galegos coas Preferentes, porque hai que preguntarlle que facía o seu partido cando dos anos 2005 ao 2008 e 2009 se puxeron en marcha as emisións de Preferentes, que facían vostedes no Banco de España? Que facía a Comisión Nacional do Mercado de Valores? E que facían vostedes para que iso non se levase a cabo? Pois o que facían vostedes era estafar a máis de 40.000 persoas polo consentimento do seu partido político, sempre se poñen nerviosos ante a verdades claras e contundentes.

Eses 1832 millóns de euros que se emitiron a través de Novacaixagaliciabanco, esas 44.000 persoas pois supoño que non terán un bo recordo desta situación e tampouco terán un bo recordo aquelas persoas que vostedes animaron a que non acudiran a arbitrase que estaba perfectamente claro que había unha administración, a Xunta de Galicia, que tiña claro que unha das formulas para

recuperar toda esa estafa que se levou a cabo era a través da arbitrase, da arbitrase a través desa iniciativa tomada polo goberno do Partido Popular e do Sr. Feijóo ao que vostedes atacan permanentemente. É certo que a partir de aí empezouse a traballar seriamente, distinguir entre os que eran aforradores e os que eran inversores e a día de hoxe podemos dar datos moi contundentes, datos que din que hai máis de 62.000 consultas, que hai máis de 51.000 reclamacións recibidas e que están depuradas 47.437 reclamacións, reclamacións aceptadas 12.500, vistas celebradas case 12.000, laudos notificados máis de 11.000, laudos pagados preto de 12.000 e os importes dos laudos notificados 230 millóns de euros, dos laudos pagados 221 e as aceptacións de Novagaliciabanco 237 millóns de euros. Agora dase un paso máis, somos conscientes de que gobernar e tomar decisións, cando hai unha posición de goberno o que hai que intentar e solucionar os problemas que se lle formulan aos cidadáns, vostedes deixaron este país na quebra, na ruína e agora o único que fan e votarlle a culpa aos demais, nós non, nós intentamos resolver as desfeitas que deixaron vostedes .

Onte tomouse unha decisión importante a nivel nacional no noso Parlamento, onde o noso grupo e apoiado por vostedes intenta dar solucións compartidas pero o que si se intenta é darlle máis seguridade e confianza as persoas estafadas e sobre todo o que se intenta é resolver un problema real de cara o futuro, de cara a que esas persoas poidan resolver esa situación de estafa, de roubo, de ataque ao benestar e ao aforro de moitas familias. Creo que esa decisión que se tomou onte é unha decisión valente para intentar resolver os problemas porque dicía que cando se goberna hai que tomar decisións e cando se goberna hai que resolver os problemas dos cidadáns, e iso é o que está facendo o Partido Popular nunha desfeita que deixaron vostedes por falta de control absoluto.

Nós imos a presentar, en aras de buscar un acordo con tódolos grupos políticos, unha moción que xa se aprobou o venres na Deputación de Pontevedra onde os tres grupos tanto o BNG, como Partido Socialista, como o Partido Popular votamos a favor é o apoio deste Concello para instar á Xunta de Galicia, á Dirección Xeral do Comercio ao Goberno do Estado a que sigan facendo as xestións, instar ao Banco de España para que exista un control e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, instar ás entidades financeiras Novacaixagalicia a que siga tomando as decisións sobre as arbitrases, esixir e isto é importante, a responsabilidade dos executivos e

directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron este fraude masivo aos pequenos aforradores e demandar das autoridades competentes o cumprimento escrito da normativa de directiva sobre mercados de instrumento financeiro.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: De quen é a culpa? Porque eu me imaxino que agora mesmo na contestación dos Señores do PSOE vanlle botar a culpa ao Partido Popular, me imaxino, e para o Partido Popular evidentemente a culpa é do Partido Socialista, volvemos ao mesmo de sempre e por desgracia isto é unha constante nas formacións políticas que tiveron responsabilidades de goberno no Estado Español: Partido Socialista e Partido Popular e efectivamente a culpa é de todos.

O acordo ao que chegaron onte non vale Sr. Figueroa primeiro é un acordo que chega tarde e cando o Bloque Nacionalista Galego por mediación da súa deputada no Parlamento Español, propoñía iniciativas, primeiro para que os afectados polas preferentes puideran cobrar a súa totalidade, cando presentaba proposicións non de lei para que se universalizara a arbitraxe, vostedes votaban en contra e eu xa o teño dito no Pleno o Partido Socialista e o Partido Popular puxéronse de acordo en quince días para modificar a Constitución, póñense de acordo se facer reformas laborais, unha tras outra, que prexudica gravemente ós intereses dos traballadores e non foron quen en poñerse de acordo, con tanta rapidez, para elaborar un acordo pero que fora lexislativo, un acordo lexislativo e que obrigara á banca, e sobre todo á Banca nacionalizada a través do FROP, a devolver os cartos aquelas persoas que foron estafadas e xa está ben de brinde ao sol, que vostede agora nunha moción a que traían non a que vai a presentar agora, diga que hai que eliminar as quitas é unha vergoña política porque as quitas aos afectados polas preferentes impuxéronllas vostedes cando asinan o Decreto polo que se pide o rescate da Banca e vostedes aceptan as condicións impostas polo Banco Central que obrigaba a que os afectados tiveran que reducir, canto menos, un 60 ou 70%.

E esas quitas as impón un goberno do Partido Popular cando pide o rescate á Banca e cando acepta precisamente esas quitas, que nos veñen a vender vostedes agora? E en todo este tempo o Sr. Feijóo mirando para outro lado, vostedes empezan a arbitraxe e unha semana despois das eleccións autonómicas reducen tódolos casos de arbitaxes porque xa pasaran as eleccións.

Voulle dar un dato, sabe vostede cal era a empresa que auditou a emisión das



preferentes cando se produciron? Pois voulle dar un dato, era unha empresa que se chama Pricewaterhousecoopers, sabe quen é a empresa que está agora decidindo os que son aptos e non aptos para entrar na arbitrase? Esa mesma empresa, a empresa Pricewaterhousecoopers, sabe quen traballaba como director financeiro nesa empresa, un señor que se chama Luis de Guindos, ese é o escándalo e esa é preocupación que agora o Partido Popular pon enriba da mesa sobre as Preferentes. Menos mal que rectifica, nós imos apoiar esa moción, que tamén aprobamos na Deputación de Pontevedra, porque vostedes agora nesta nova moción si se acordan da Xunta de Galicia, que casualidades da vida, na que vostedes presentaron neste Pleno nin a citan, nin a nomean, coherencia porque a historia dos Parlamentos e a historia política de como actúa cada forza política a sabemos todos e todas e polo tanto o que teñen que facer dunha vez por todas e esixir á banca e, sobre todo, á que está intervida polo FROP que devolva inmediatamente eses cartos, e sobre todo a aqueles casos de pequenos aforradores, igual que se poñen a traballar e con tanta presa en reformar constitución, en facer reformas laborais cheguen a acordos pero lexislativos e que obriguen.

Quero anunciar que visto que se pon a debate a votación da moción conxunta que foi aprobada na Deputación e polo o que o BNG retira ás emendas que temos presentado porque ese texto si que nos vale, non o inicial do Partido Popular.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Creo que a importancia desta moción radica en que as persoas estafadas polas preferentes e subordinadas coñezan que o Pleno do Concello de Vigo vai estar con eles para a solución do seu problema, e nós dende o Grupo municipal Socialista queremos poñer de manifesto o apoio total e a atención permanente, que por parte do Alcalde Abel Caballero, ven facendo dende hai máis dun ano con tódolos aforradores afectados por esta tremenda estafa, e quero dicilo claro e alto, un apoio total e unha atención permanente a eles e ademais con cuestións directas. Esta persoas afectadas que son a maioría deles traballadores e traballadoras, albaneis, mariñeiros, emigrantes, pequenos comerciantes, autónomos, amas de casa, parados, xubilados, todos teñen a súa disposición o Centro Municipal de Teis para as súas xuntanzas e para toda a súa disposición, para que poidan xuntarse e saber e coñecer de como van os seus temas.

Pero ademais, dende a Oficina municipal do Consumidor de aquí do Concello de

Vigo, temos que dicir que se atenderon decenas de consultas e tramitáronse máis de 136 reclamacións e para que non quede ningunha dúbida, e sobre toda para que as persoas afectadas e estafadas coñezan o que se está facendo, queremos poñer de manifesto que estes son os expedientes que están a ser tramitados na Concelleira de Medio Ambiente a través da Oficina Municipal do Consumidor.

Expedientes que foron dirixidos ao Fiscal Superior do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, reclamacións sobre Preferentes e subordinadas ou ao servizo de atención ao cliente de Novagaliciabanco, agora sa é banco só, ou a Comisión Nacional do Mercado de Valores, sobre todo para que as persoas estafadas coñezan de que poden continuar a vida aquí e que van ter unha información veraz.

Eu participei nalgunha das moitas xuntanzas que mantivo o noso Alcalde Abel Caballero con estes veciños/as estafados, e nestas xuntanzas o que piden é axuda e coñecer que camiño teñen que seguir porque eles saben e coñecen estes temas, están doutorados nestes temas, coñecen que o Instituto Galego de Consumo depende da Xunta de Galicia, saben que a resolución das arbitraxes tivo un certo movemento ata as eleccións autonómicas pero unha vez celebradas o 21 de outubro decaeron totalmente. Non coñecen porque o Banco non lle da información e a Xunta de Galicia tampouco, que criterios se seguen para a arbitrase por que unhas se aceptan e outras se denégan, cando é moi fácil saber quen é aforrador e quen é inversor. Polo tanto solicitan saber que está pasando que criterios, que bases se toman para decidir a quen se lle devolve os cartos e a quen non. E agora señores do Partido Popular se lles pretende un troco dos seus aforros por un memorando que vostedes mandaron á Unión Europea onde os cualifica a todos de aforradores e vostedes saben que iso non é así.

O acordo de hoxe no ámbito do Estado e o que podemos acadar aquí ten que resumirse, e os afectados teñen que coñecer de que vai para que recuperen a totalidade dos seus aforros e que haxa un control público do proceso da arbitrase, en definitiva, arbitrase para todos igual con control público e devolución total dos seus cartos.

E ademais, pedir que o Banco non este ameazando aos aforradores dicindo que todos aqueles que se están mobilizando na súas oficinas non lles van devolver os seus aforros, ou as denuncias por haber estado no edificio da Xunta de Galicia que teñen tramitadas na Policía. En definitiva o mundo ao revés, agora son os

estafadores, os que pretenden saírse coa súa.

Polo tanto como isto ten ser unha solución política e vostedes gobernan na Xunta de Galicia e no Estado e polo que nós votaremos a favor desta moción.

SR. FIGUEROA VILA: Paréceme moi ben a aptitude do Bloque Nacionalista Galego pero mire Sr. Domínguez Olveira votaron o Orzamento do ano 2005, 2006, 2007, 2008 en Madrid, votárono vostedes para que o Partido Socialista puidese aplicar a súas políticas e sabe cal foi a política de Partido Socialista, que nuns produtos de emisións de preferentes non houbo control, como dicía agora o Sr. Santos, hai que ter control bancario e da Comisión Nacional do Mercado de Valores e do Banco de España e do propio goberno e aí quedaron atrapados case preto de 50.000 galegos, ese é o problema real e foi unha estafa en toda regra e vostedes Sr. Domínguez Olveira gobernaron na Xunta de Galicia no bipartito, tampouco se decatou que pasaron por ese goberno, ao mellor seguramente non se decatou porque tiñan outros obxectivos.

Paréceme moi ben que defendan ao OMIC, que nós tamén a defendemos porque é un organismo ou departamento que ten funcionar e dar respostas aos cidadáns, pero nós comprobamos o venres pasado, chamamos dende o noso grupo con un afectado porque lle dixemos que fora ao OMIC e preguntáronlle que si tiña un problema coas Preferentes e sabe o que lle dixeron na OMIC, “someterse a arbitraje da Xunta é a única posibilidade que teñen, senón a vía xudicial”, iso o di o Concello de Vigo, os funcionarios ou a funcionaria, neste caso, do Concello de Vigo que recomenda que acudan á Xunta de Galicia porque é a única saída.

Miren, mentres outros estiveron intentando poñer paus na roda outros estiveron traballando e que vostedes critican tanto o Presidente, Sr. Feijóo vólvolles repetir porque igual non se decantan, desas corentas e pico mil persoas, 12.000 casos están resoltos e pagados os laudos e aceptación de Novagaliciabanco un importe de 237 millóns de euros, esta é realidade mentres se estivo traballando e agora que se está facendo? Que en España van copiar o que se fixo na Xunta de Galicia porque está dando resultados, esa é a situación e é certo que nós estamos gobernando e por iso hai que dar solucións, e por iso dende o goberno de España estanse dando solucións e eu agradezo ao Partido Socialista que se sumase a este acordo porque é importante, cos dous grandes partidos, que á xente se lle xere

confianza, seguridade e non exista debate político con esta cuestión que é o que todos pretendemos e que esa estafa que se levou a cabo que non se repita xamais, a ninguén, porque nos pode tocar a calquera na nosa familia ou a calquera no noso entorno e creo que un roubo, unha estafa non o leva ninguén non só por as contías económicas, que tamén, senón por unha cuestión psicolóxica, mental é dicir de persoas que eu creo que ninguén quere sentirse enganado por ninguén e aquí o que se fixo foi un engano masivo e esperemos que se poidan depurar responsabilidades coas persoas que cometeron esta situación.

No transcurso do debate o relator da moción, Sr. Figueroa Vila, modificou o contido da mesma no termos que se conteñen na parte dispositiva deste acordo

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego e a Sra. Cendón Alonso do grupo político municipal do Partido Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, nos seguintes termos:

1.- Manifestar o apoio do Concello de Vigo, e de toda a súa Corporación, aos afectados/as palas participacións preferentes e subordinadas na súa xusta reclamación de que lles devolvan os cartos na súa totalidade.

2.- Instar á Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Comercio, e ao Goberno do Estado a que sigan a adoptar medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos, sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, ca fin de que poidan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posible.

3.- Instar ao Banco de España e á Comisión Nacional do Mercado de Valores, ao obxecto de que promova unha solución para a recuperación do investimento realizado polos subscritores de participacións preferentes en Galicia.

4.- Instar á entidade financeira Nova Galicia Banco a promover unha solución para os subscritores de participacións preferentes que desexen recuperar os cartos investidos neste produto, permitindo aos afectados a recuperación íntegra do investimento realizado .

5.- Esixir a depuración de responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron fraude masivo aos pequenos aforradores.

6.- Demandar das autoridades competentes o cumprimento estrito da normativa MIFID (Directiva sobre mercados de Instrumentos Financeiros)

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

Non se presentaron

## **PARTE DE CONTROL**

### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

Non se presentaron.

#### **1.1(12).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de decembro 2012 e 10 de xaneiro de 2013.

**1.2(13).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POLOS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.**

Dáse conta ao Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 23 de novembro de 2012 ó 15 de xaneiro de 2013.

**1.3(14).- DAR CONTA DO ESCRITO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, DE DATA 3.01.2013, COMUNICANDO O CAMBIO DE VOCEIRO. EXPTE. 579/1101.**

Con data 3 de xaneiro de 2013, os concelleiros do grupo político municipal do BNG, remiten a esta Secretaría do Pleno o seguinte escrito:

“De acordo co establecido no RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que s4e aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais e no Regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo, o grupo municipal do BNG notifica o cambio na portavocia do mesmo, de xeito que a nova portavoz municipal pasa a ser Iolanda Veloso Ríos.”

O Pleno da Corporación toma coñecemento.

**1.4(15).- DAR CONTA DO ESCRITO DA VOCEIRA DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, DE DATA 14.01.2013, COMUNICANDO O CAMBIO DE REPRESENTANTE NA MESA DE CONTRATACIÓN. EXPTE. 581/1101.**

Con data 14 de xaneiro de 2013, a voceira do grupo político municipal do BNG, remite a esta Secretaría do Pleno o seguinte escrito:

“Cambio de representación do BNG na Mesa de Contratación.  
Titular: o concelleiro, Santiago Domínguez Olveira.  
Suplente: o concelleiro, Xabier Alonso Pérez.

Enderezo das respectivas notificacións, Concello de Vigo 8º andar, oficina do Bloque Nacionalista Galego. O que comunico para as respectivas xuntanzas.”

O Pleno da Corporación toma coñecemento.

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

## **4.- MOCIÓNS.**

### **4.1(16).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO A ELABORACIÓN E POSTA EN MARCHA DUN PLAN DE IGUALDADE PARA O PERSOAL DO CONCELLO. EXPTE. 574/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de decembro 2012, número 574/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Miguez, formula a seguinte moción:

“As medidas efectivas e realistas para combater a crise deben partir dos organismos públicos e privados. Para iso debemos crear medidas facilitadoras no fomento de emprego.

A atención aos maiores e aos nenos/as convértese nunha dificultade engadida para conciliar e en numerosas ocasións supón un hándicap á hora de atopar traballo ou unha dificultade para mantelo.

Dende o noso concello debemos dar exemplo e mostrar que pode ser unha realidade a implantación da igualdade na “empresa”.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local a:

A elaboración e posta en funcionamento dun Plan de igualdade para o persoal do Concello de Vigo.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, na súa sesión do 20 de decembro de 2012, ditaminou favorablemente a anterior moción.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Hai unha clara situación de desigualdade que se produce entre os traballadores do Concello de Vigo, tanto a nivel interno como externo; interno en relación ás diferencias que se producen en función da súa categoría ou nivel, e externo si examinamos o traballo doutras Administracións Públicas Locais con respecto ás condicións do seu persoal.

Pedro traballador deste Concello do Grupo C ten que deixar ao seu fillo ás oito e media da mañá no colexio, resulta que non pode chegar ás nove e ten que ir ó Contencioso porque o Concello de Vigo só ten contemplada a flexibilidade horaria dunha hora para os grupos A e B, non para o resto. Pedro se entra ás 8:05 descóntanlle eses 5 minutos da porcentaxe do seu soldo, porque aínda que saia as 3:30 non conta para recuperar os 5 minutos perdidos, en cambio os que pertencen ao grupo A1 ou A2 si poderían compensar ese horario debido á flexibilidade contemplada especificamente para este grupos dentro deste Concello.

A situación interna é claramente discriminatoria e ilóxica. A nivel comparativo externo atopámonos en claro retroceso con respecto a outras Administracións Locais, xa que nos quedamos totalmente obsoletos. Existen medidas implantadas en diferentes administracións que facilitan aos traballadores o desenvolvemento do seu traballo de xeito eficaz e eficiente, que obviamente redunda no beneficio de ditas organizacións.

O caso de Pedro non é illado, son moitos os funcionarios e persoal laboral interesados na flexibilización do horario, na implantación dunha escola infantil no



propio Concello ou o convenio con algunha próxima para isto poida ser posible.

Nin que dicir do teletraballo onde se controla a produtividade, a administración reduce os seus custes económicos, elimínase a cultura da presenza tan obsoleta e a conciliación é plena.

O motor desta moción foron situacións expostas polos propios traballadores deste Concello de Vigo, ademais hai un estudo realizado dende a propia Universidade no ano 2012 acerca dos factores de motivación na Administración Local, dito estudo realizouse comparando tres administracións públicas o Concello de Vigo, a Deputación de A Coruña e a Deputación de Pontevedra e comprende análises estadísticos dos resultados das enquisas realizadas entre o seu persoal e as entrevistas realizadas aos Xefes de Servizo de Recursos Humanos, de Xestión de Persoal, Técnicos de Formación e Evaluación etc. Non vou a contarlles da eficiencia nesta materia de ambas Deputacións, pero si quero poñerlles en alerta das conclusións do estudo no Concello de Vigo, di textualmente: “as necesidades e carencias do Concello de Vigo evidencian unha necesidade urxente de cambio, evidenciase no persoal o nivel de insatisfacción existente, a situación de Vigo determina a necesidade de incentivar unhas dinámicas de traballo diferentes, dun cambio de mentalidade que inclúa actuacións e ferramentas que influan na motivación ou na automotivación do seu persoal e que redunden en beneficio da organización.

Por outra banda, a diferenza do que a priori poderíamos pensar, cabe sinalar que nas conclusións do estudo destacan que o persoal por enriba da remuneración considera de máis valía outras ferramentas para a motivación como é a flexibilidade horaria, o teletraballo e poder conciliar súa vida laboral e familiar cunha escola infantil que lle permita ter aos nenos atendidos no horario laboral.

Houbo un plan do ano 2005-2007, cando gobernaba o Partido Popular, onde se comezou o traballo con estas medidas enfocadas ao traballo interno e houbo un plan que actualmente está prorrogado do ano 2009-2011 onde hai medidas concretas e ningunha levada a cabo.

As novas leis de Administracións Públicas implantan accións innovadoras moitas delas conciliadoras, contémpanse por exemplo a que aludía á flexibilidade horaria, podendo en determinados casos flexibilizar ata en 2 horas por conciliación da vida persoal e familiar así como no caso de familias monoparentais incluíndo nalgúns

ocasiões a posibilidade de completar en horario, incluso o sábado pola mañá.

Poderíamos ademais neste Concello solicitar distintivos como empresa familiarmente responsable, distintivo que nos axudaría a realizar pequenos cambios e avanzar.

É tempo de reformas, de mirar cara o futuro, de pensar na igualdade cunha proposta máis ampla sen enraizamentos, sen ideoloxía anticuadas e sedentarias, temos un plan para os demais o promovémolo pero na nosa propia casa non se leva á práctica.

SRA. VELOSO RÍOS: A verdade que é curioso que o partido que cada vez lle pon as cousas máis difíciles ás mulleres é o que trae aquí unha moción pedindo un Plan de Igualdade para os traballadores/as do Concello de Vigo. Digo que as cousas son máis difíciles para as mulleres en xeral, no eido laboral en particular, e se falamos de conciliación pois poderíamos dicir o mesmo.

A recente reforma laboral do goberno do Sr. Rajoy, ao contrario do que está pedindo agora mesmo a Sra. García Míguez, facilita que as empresas poidan esixir cambio de horario e lugar de traballo, algo que evidentemente ten unha repercusión negativa na conciliación e sobre todo para as mulleres, ofrece maior flexibilidade para as empresas e, polo tanto, máis dificultades de conciliación pero ademais esta reforma inclúe outras pérolas como impedir acumular as horas de lactancia que só poderán ser gozadas por un dos proxenitores, o pai ou a nai, e terán que utilizarse a diario, media hora o día. Elimínase a prioridade de nai para escoller horario na redución e xornada, suprímese a posibilidade de solicitar un permiso urxente para coidar a un fillo ou un familiar, obrigando agora a avisar con 15 días de antelación, co que xa non serve para o que se creou, e por suposto non se aumenta o permiso de maternidade nin se introduce o permiso de paternidade obrigatoria, nin nada que se lle pareza.

Pero vaia é o mesmo partido quen tamén que tardou 15 días en canto chegou ó goberno da Xunta en facer desaparecer da rede, de internet, o programa de asesoramento e titularización de empresas con iniciativas de corresponsabilidade, que puxera en marcha o BNG na Xunta de Galicia. Un Plan que fixo o diagnóstico de cincuenta empresas do país, a identificación de iniciativas para a corresponsabilidade da conciliación da vida persoal e familiar, a posta en marcha e

o seguimento desas iniciativas e unha web cunha ferramenta de autoavaliación e autodiagnose que fixeron desaparecer en canto chegaron ao goberno.

No Bloque Nacionalista Galego pensamos que si é necesario que exista un Plan de Igualdade na administración local de Vigo, pero non só o pensamos senón que ó fixemos porque neste Concello o BNG tivo responsabilidades de goberno e tivo responsabilidades concretamente na Concellería de Igualdade.

En novembro de 2007, dando cumprimento a unha acción recollida no IV Plan de Igualdade entre homes e mulleres, encargouse un diagnóstico da situación dos traballadores/as deste Concello de Vigo, seguramente Pedro contestou igual que contestou moita xente ás preguntas que se lles fixeron sobre as necesidades de conciliación da súa vida laboral e familiar e ás propostas que farían para facer máis doada esta conciliación. En novembro de 2007, insisto, contratouse un estudo para facer un diagnóstico da situación, en abril de 2008 púxose en marcha un cuestionario “on line”, seguramente moitas das persoas que están aquí lembran ter recibido correos electrónicos solicitando contestar a unha enquisa para ter datos fiables e datos recollidos de maneira estatística e cun método algo máis científico que o que nos poda contar Pedro individualmente, senón para valorar a situación xeral e en abril de 2009 rematáronse as conclusións. Isto deu lugar despois dun investimento como ven de bastante tempo, porque se fixo dunha maneira exhaustiva e de case 17.000 euros investidos, e digo investidos non gastados porque isto é un investimento, dende a Concellería de Igualdade, obtivemos esta proposta de Plan de Igualdade na Administración Local de Vigo, un Plan de Igualdade que se lle presentou ao concelleiro responsable de negocialo cos Sindicatos tamén, porque evidentemente isto ten que estar negociado, no que se recollan en papel e en CD, unha proposta de Plan de Igualdade para favorecer a conciliación da vida laboral e familiar.

Eu teño unha copia, que despois de tanto tempo vai perdendo algunha páxina, porque dende 2009 creo que non saíu do caixón de ninguén, e que non se puxeron en marcha, nin sequera por iniciativa propia aínda que non fose no marco dun convenio colectivo, algunhas das demandas que aquí se recollían dos traballadores/as que facilitarían enormemente a conciliación da vida laboral e familiar e ademais promoverían unha maior eficiencia dos recursos públicos, por iso nós apoiamos que se elabore, porque este hai que actualizalo, un Plan Municipal de

Igualdade, un Plan na Administración Local de Vigo.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. García mire que hai que ter paciencia con vostedes porque hai propostas certamente rechamantes, unha concelleira do Partido Popular a 30 de xaneiro de 2013 falando de Igualdade, de conciliación e de medidas na Administración Pública para facilitar a conciliación, pero vostede non se decatou de todo o que fixo o Partido Popular dende que goberna o Sr. Rajoy? Vostede, a parte do que citou a Sra. Veloso, non sabe as agresións ás que someteu o Partido Popular a tódalas medidas de conciliación? Dende logo sorpréndeme, traizoouna o inconsciente, tanto falar de Pedro ao que respecto, porque non fala de emprego como conciliación, evidentemente, vostedes cando falamos de emprego sempre están en contra da creación de emprego.

Eu voulle facer lembrar cal é contido da súa moción, este goberno municipal é consciente da necesidade de políticas en materia de igualdade e así se plasma en feitos concretos: fixemos un cumprimento efectivo do Estatuto do Empregado Público, as Comisións Paritarias dos órganos de selección son unha boa mostra diso, cumprimos con tódalas directivas comunitarias en materia de igualdade. A "casa", entendida ben en canto a organización, é un claro exemplo do papel que en materia de igualdade xogan as mulleres: tres Xefaturas de Área, 15 Xefaturas de Servizo, tres órganos directivos municipais e adaptamos postos de traballo a través do servizo de prevención e sobre todo Sra. García, a maioría dos nosos Plans de Emprego diríxense aos colectivos máis desfavorecidos e en moitos casos ás mulleres. Polo tanto, o exemplo que vostede pon eu analizareino a miña relación co Comité de Empresa é diaria e por moitas horas pódeo comprobar nas actas de materia de negociación, non hai ningunha queixa sobre ningún tema de conciliación.

O que acontece é que isto é o que facemos dende goberno municipal, eu estou de acordo que haxa un plan de igualdade, pero non pode ser vostede quen me de a min leccións cando o goberno do Sr. Rajoy dixo que non pode haber acordos reguladores nas Administracións Públicas e isto, como ben dicía a Sra. Veloso, ten que ser materia de negociación.

Imos ver en dous exemplos moi sinxelos que é o que fai o Partido Popular pola Igualdade e polos 1499 compañeiros de Pedro, 1500 traballadores neste Concello

que se ven privados de oito días ao ano de conciliación familiar, débelle facer unha graza tremenda, pero aos traballadores ningunha porque tódolos funcionarios desta casa teñen oito días menos ao ano de conciliación familiar. Fíxese voulle facer unha conta, multiplicados os días polos funcionarios e empregados públicos que hai nesta Casa cargáronse vostedes trinta e tres anos de conciliación, esta é a realidade, cando tódolos empregados deste Concello teñan dificultades para levar aos seus fillos ao colexio, para cando os teñan enfermos e outras cuestións familiares non terán os mesmos días que tiñan ata o 31 de decembro gracias a súas actuacións.

Imaxínome que unha materia que vostede ve fenomenal como de conciliación é suprimirlle a paga extra aos funcionarios e que cando un funcionario está enfermo se lle reducen as súas retribucións, esta é a política en materia de igualdade do Partido Popular?, esta é a conciliación? A conciliación é cando vostede permanente levanta a man en contra de que outras administracións, como a Xunta e a Deputación, aporten a mesma cantidade en Emprego que a que fai este Concello, vostede non ve pola Casa ás persoas que se benefician de Plans de Emprego? Non ve a mulleres en situacións desfavorecidas que necesitan esa conciliación e que necesitan esa axuda e gracias aos Plans de emprego deste goberno, pois o que non verá e a ningunha gracias ás políticas do Partido Popular.

Presento unha moción de engádeda na que entendo que se estará de acordo en instar ao goberno Central a que se repoñan os días que tiñan os funcionarios e a crear emprego.

SRA. GARCIA MÍGUEZ: Fíxese, Sr. Font, o moito que lle importa a vostedes a política en materia de igualdade que a Concelleira que ten representación en materia de Igualdade, que traballa nesa área, non interveu nesta moción, cando é ela a que debería ter intervido, non vostede. E se vostedes non houbesen deixado unha débeda de 900.000 millóns de euros co goberno do Sr. Zapatero, probablemente os funcionarios e o resto dos cidadáns non estarían na situación na que estamos.

O que non se decatou da proposta que nós levamos a cabo é vostede, eu non veño a falar aquí de Plans de Emprego, ese é outro tema que tocaremos no seu momento, agora mesmo estamos falando sa situación de Pedro que é un funcionario deste Concello e que por razóns de conciliación laboral e persoal

solicitounos, el e os seus compañeiros, que se poidan levar a cabo estas propostas. Sra. Veloso, o tempo que vostede foi concelleira de Igualdade elaborouse un Plan con dous anos de atraso, como novidade creou o Observatorio contra a violencia de xénero que serveu para pouco; puxo en marcha a atención psicolóxica para nenos vítimas de violencia de xénero, que foi unha proposta impulsada polo Partido Popular que votaron en contra e despois levaron a cabo; pecharon durante máis de dous anos o Centro de Emerxencia para Mulleres Maltratadas e deixáronas na rúa cos seus fillos, pero polo que se lle recordará como concelleira de Igualdade neste Concello é por gastar 800 euros nun curso de “Tuppersex: Los placeres de Lola” con cartos públicos.

Non nos fale, Sr. Font, de materia de Igualdade, do que están a facer no Concello de Vigo, vostedes reduciron por carto ano consecutivo o orzamento de Emprego, ao redor de 600.000 euros, a metade é para gastos fixos pero a outra metade que quedan, ao redor de 350.000, dánllo á Asociación de Mulleres Progresistas Viguesas federadas no Partido Socialista Obreiro Español, a metade do orzamento que se pode gastar en materia de Igualdade no Concello de Vigo dánllo a esta asociación. Iso é crear emprego para vostede, darlle os cartos que se poden utilizar para axudar ás mulleres, homes e para conciliar a calidade no servizo do Concello de Vigo gástao vostede como sempre en asociacións afíns.

No transcurso do debate, o concelleiro do grupo político municipal Socialista, Sr. López Font, presenta a seguinte emenda:

-Aos efectos de facilitar a conciliación familiar, instase ao Goberno Central a deixar sen efecto a redución de días de libre disposición ao persoal da Administracións Públicas.

-Aos efectos de fomentar o emprego instase á Xunta de Galicia e á Deputación de Pontevedra á creación de partidas orzamentarias, polo menos, na mesma cuantía que as que figuran no Orzamento do Concello de Vigo.

*Ao non seren aceptada a anterior emenda pola relatora da moción, Sra. García Miguez, a Presidencia non somete a votación a anterior emenda.*

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego e

a Sra. Cendón Alonso do grupo político municipal do Partido Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase:

1.- A elaboración e posta en funcionamento dun Plan de igualdade para o persoal do Concello de Vigo.

**4.2(17).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR INSTANDO Á CONCELLERÍA DE FOMENTO A ELABORAR UN PLAN DE MELLORA DE ABASTECIMENTO NO BARRIO DE TEIS. EXPTE. 586/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de xaneiro, número 586/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Egerique Mosquera, formula a seguinte moción:

As tubaxes de abastecemento de auga do Concello de Vigo nalgunhas rúas do barrio de Teis están a sufrir roturas continuas nos últimos meses. A raíz desas roturas os veciños cursaron numerosas denuncias ante a concellería de Fomento que foron ignoradas polo Goberno Municipal.

Ás citadas roturas, e tal e como consta nas denuncias veciñais, hai que sumarlle o afundimento do firme cos seus correspondentes cortes no tránsito e nalgúns casos danos nas vivendas.

Algunhas das rúas ás que facemos referencia son a Avenida de Galiza, Balbarda, Subida á Ponte, Boan ou Campa.

Algunhas desas rúas atópanse nun estado de conservación lamentable pola ausencia de mantemento. Compróbase un grande contraste con outras rúas dese mesmo barrio.

Á vista desta situación, o Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguinte acordo:

Instar á Concellería de Fomento a elaborar un Plan de Mellora de abastecemento e superficie no barrio de Teis no seu conxunto, sen discriminacións por zonas.

A comisión informativa de Fomento, na súa sesión do 21 de xaneiro de 2013, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Imos falar de Teis porque é un barrio de Vigo que existe Vigo medra cara o Sur pero Teis segue a existir, é un claro exemplo do que nós vimos propoñendo dende comezou a lexislatura da existencia dese Vigo de segunda e agora de terceira que vostedes están potenciando.

É un Vigo de terceira e incluso á carta porque as obras, os bancos, as árbores van a gusto do consumidor.

Fago un inciso, falando de insultos, se queren ver a alguén verdadeiramente insultando poden ver o programa do Sr. Alcalde os luns e xoves porque alí si que se despacha a gusto, é vergoñento como alí insulta, iso si que é insultar.

Esta moción non é nin optimista nin partidista, é realista por problemas importantes na cidade porque as rúas rebentan e é unha casualidade pero o sábado rebentou a rúa Doctor Corbal, e é unha das queixas que teño por aquí, de que precisa arranxo e que precisa unha planificación concreta e correcta e que os barrios non son patrimonio de ninguén, pero que os cidadáns teñan os servizos correctos si que é responsabilidade de tódolos que estamos aquí sentados.

Entón iso de que teñamos que traer aquí esta moción é porque non se puido solucionar pola vía do diálogo, porque os veciños levan moito tempo reclamando solucións xa e peticións de reunións co Concello, con manifestacións, incluso na rúa e diante das propias roturas do firme, polo abastecemento e polos tubos que están nun claro estado de deterioro e que é necesario.

O que máis chama a atención é que agora o Concello inicia unha quenda de obras en rúas por case cinco millóns de euros a cargo de Aqualia e nin un só céntimo vai para Teis, que é o barrio de Vigo que máis precisa isto xunto coa zona do rural.

Lembro que aprobamos por unanimidade unha serie de melloras e como sempre para o caixón. Eu son futuróloga tamén, e sei que esta moción vaise aprobar por unanimidade e quedará tamén no caixón, pero nós non temos outra responsabilidade que traer isto ó Pleno municipal e propoñer que é necesario e que a cidade ten que ter unha planificación, un proxecto, que as obras non poden ir a golpe de improvisación cando convén.

Agora en Teis parece que puxeron un muro en Isaac Peral e que Teis no existe porque é a gran abandonada desta cidade nos seus grandes proxectos de obras.



Aquí gobernan vostedes ou sexa que vostedes teñen que asumir esa responsabilidade, eu insisto en que os barrios non son patrimonio de ninguén pero que hai que atendelos a todos.

A verdade é que como concelleiro de Fomento xa o sabe porque anda cos tubos por aquí e por alá, non sei se terá por aí un tubo, xa me lembra a Mario Bross só lle falta unha gorra, cando se leva seis anos gobernando non se pode falar de herdanzas, cando se fixeron moitas obras nesta cidade ben poderían haber algunha de estética, as que están baixo terra non serven para presumir, pero o problema é que rebentan as rúas e de aquí ao 2015, tamén son futuróloga, sei que van volver rebentar. A rúa Colón está outra vez cheo e onde está o colector? Levan seis anos gobernando e Teis ábrese, ten roturas por tódalas partes e as rúas quedan sen facer.

Outro tema que atinxe, e cada zona de Vigo ten a súa realidade, eu insisto en que aquí temos queixas de Teis que ten unha orografía que non é sinxela non é sinxelo poñer bancos e facer obras en Teis a golpe de improvisación porque ten que ter unha planificación concreta, pero son servizos necesarios, os veciños quedan sen auga cada vez máis frecuente, cando chove e cando a carga de auga é maior rebentan os tubos, entón é necesario que se fagan as obras que melloren o abastecemento nese barrio da cidade e que é negar a evidencia, e parece mentira que haxa cinco millóns de euros para obra e ningún só céntimo para Teis.

Se queremos pasear por toda a cidade vaiamos tamén a ese barrio, eu invítolles e que vexan as necesidades que hai porque son realidades e as imaxes están aí para que vós o comprobades e que é necesario cambiar o abastecemento nesa zona.

SR. ALONSO PÉREZ: Para o Bloque Nacionalista Galego o debate desta moción vai máis alá do que son as reparacións concretas e os problemas concretos de Teis, porque nós pensamos que está nesta moción o debate cal é a forma de entender a democracia do goberno local.

Non pode ser que as asociacións de veciños que fan un traballo colectivo para toda a comunidade, que detectan problemas no seu barrio e que o Presidente da asociación de veciños o día 9 de novembro lle dirixa ao concelleiro de Fomento, Sr. Regades, un escrito onde detalla os problemas que están tendo polas roturas de tubos na rúas de Avenida de Galicia e Valvarda pida unha reunión en non se lle

reciba.

O 4 de xaneiro o secretario da asociación de veciños, en calidade de secretario, volva a reiterar roturas nas Rúa Boan, na Avenida de Galicia, fortes choivas e inundacións na Baixada de Ríos e que non se lle reciba, iso é unha forma de entender a democracia que a nós parécenos que non é a correcta. Non se vota só cada catro anos hai que atender ás demandas veciñais.

Cando a Aqualia se lle renova ata o ano 2020 o contrato e resulta que no que é competencia da Aqualia, o fundamental, que é a traída de auga e o saneamento hai problemas e os veciños o demandan, hai que reunirse cos veciños, polo tanto a día de hoxe o fundamental está sen facer e para nós non valen desculpas, non vale cal é a cor política da asociación, nin vale si Avenida de Galicia é competencia da Xunta, non valen desculpas o que hai que facer é que en Boan, na Valvarda, na Avenida de Galicia, en todo Teis que está sufrindo inundacións, roturas de tubos, o primeiro que hai que facer, é reunirse e atender ás demandas das asociacións de veciños e dicirlle cal é a programación que o goberno ten para solucionalo.

Pensamos que o goberno estase equivocando e ten que rectificar de inmediato, se hai propostas concretas para Teis a asociación de veciños ten que coñecelas é unha demanda razoable e que o goberno non está atendendo e iso en democracia non serve.

Cando unha asociación de veciños que traballa para a colectividade, que está a pe de obra porque vive alí e esta vendo tódolos días que hai problemas reais, hai que atendelos, polo tanto imos votar a favor da moción.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Os señores do Partido Popular non atenden nin ás intervencións deste Pleno, a Sra. Egerique dicía que por fin falamos de Teis, levamos falando de Teis toda a tarde, hai un pouco votaban vostedes en contra de que quitáramos o tráfico pesado das rúas de Teis e que liberásemos a autoestrada e a peaxe, quizá vostede non atende ao que se fala neste Pleno.

Estamos acostumados aos insultos e de verdade que celebro que, para que coñezan a cidade, estean a seguir os programas de radio e os da televisión que invitan de forma gratuíta ao Alcalde. Celébroo, fan ben porque aprenderan o que é Vigo, algún compañeiro me dicía que lle preguntara onde está a rúa de Doctor Corbal? Sra. Eguerrique, non se poña nerviosa que é fácil, dígame onde está a rúa

de Doctor Corbal, seguramente non o saberá porque cando di que en Teis non se están facendo obras, eu hai dous días estiven na rúa Enrique Lorenzo e vin que alí se estaban facendo obras. O que pasa e que nós facemos políticas coas veciñas e cos veciños e na rúa, pero vostedes non poden facer políticas na rúa, vimos a campaña que fixo o Sr. Feijóo que foi en sitios pechados e onde só ía xente con invitación.

O divorcio do Partido Popular ca cidade de Vigo e tal que, nas últimas eleccións o PP baixou en Vigo o 7,75% dos seus votos por algo é, e só chegan ao 34% cando en Galicia superan máis de 10 puntos, por algo é o seu divorcio.

O goberno de Abel Caballero en Teis xa fixo as seguintes obras: saneamento e abastecemento do entorno do mercado de Teis, na rúas Sanjurjo Badía, de Travesía Paralela, da rúa de Flores e García Barbón e a súa humanización, Pedro Alvarado, Buenos Aires o entorno da Etea, as obras que se fixeron na Etea, en rúa de Ángel de Lema, Marina, Avenida de Galicia, Toural, Ríos, Julián Estévez, ponte sobre a AP-9 e sobre o ferrocarril, o borde litoral da Rotea, a rehabilitación do edificio Garavilla, a rúa Enrique Lorenzo, Santa Tegra, Montecelo, Espiñeiro, Robleda, Gonderán estas tres últimas señoras do Partido Popular tivemos que arrancarllas á Xunta de Galicia, falando cos veciños porque queriades pasar un conduto ao Morrazo pola cidade de Vigo, queriádesnos romper as rúas e que non tivese ningunha repercusión e este goberno si falou, como sempre, cos veciños e vostedes propóñennos dúas rúas, non sabía que o Partido Popular definise a Avenida de Galicia como a Avenida de Galiza, seguramente fixo un corte e pega.

O noso de plan de inversións de auga supera os dez millóns de euros, vostede está falando dunha páxina nun xornal que falaba de catro millóns, dunha aprobación nunha soa Xunta de Goberno, isto nós aprobámolo nunha soa Xunta de Goberno, se vostedes seguisen as obras que estamos a facer na cidade saberían que temos un Plan para Vigo e un Plan para Teis.

No Plan de Aqualia para Teis temos as seguintes rúas e rógolle que segan as Xuntas de Goberno e vaian seguindo toda a inversión que temos programada en Teis: Avenida de Galicia, Corbal, Travesías, Purificación Saavedra, Boan, Doña Fermina, Camiño Cancelo, Avenida da Mariña, Oliveira de Abaixo etc., ese é o Plan que temos para Vigo, e vostedes que gobernan na Xunta que plan teñen para Vigo? A Avenida de Galicia que está en Teis e é da súa competencia vana a arranxar

vostedes?, non nos esixan só ao Concello que teñamos un plan, que o temos, e imos a votar a favor porque o temos aquí pero gustaríame que un día viñesen a este Pleno e nos dixesen que plan teñen para Vigo nas súas rúas, a Deputación e a Xunta.

SRA. EGUERIQUE MOSQUERA: Xa sabemos que tiñan que buscar xustificacións e culpábeis para evitar falar do abastecemento de Teis. Por certo xa que falan de resultados electorais terían aquí catro concelleiros menos se extrapolamos os datos das autonómicas.

Vostedes buscan culpábeis e xustificacións pero realmente están gobernando vostedes e o abastecemento desta cidade é súa.

A situación en Teis dos tubos, de como está a situación, cando levan seis anos na cidade e hai moitas obras na cidade e presumen de facer tantas actuacións falamos agora, tamén como di o Bloque Nacionalista Galego, que os barrios non son patrimonio de ninguén, que é unha necesidade urxente nesta cidade. Os veciños necesitan ter os servizos necesarios, contar con que non se lles corte a auga cada dous por tres, que non se lle inunden as rúas, vostede esqueceu a zona de Bichita, a parte baixa de Guixar que se inunda con catro gotas, esqueceuse de moitas queixas. Fala do que quere pero eu non me vou a poñer aquí a dicir un listado porque os veciños saben os problemas que teñen, onde están e se o teñen solucionado ou non, eu non teño que explicar aquí nada a ninguén porque o veciño que vive alí sabe perfectamente o problema que hai.

Estamos esixindo aquí que na rúa Boan e Doctor Corbal haxa unha solución a este problema que a medida que vai pasando o tempo vaise incrementando.

Eu creo que ata o 2015 outra rúa volverá rebentar Sr. Font, non por tráfico pesando, senón porque explotará outro tubo xa que están nun estado que non é o correcto.

Esta moción non é para aumentar as vasoiras de prata da lonxa é para solucionar os problemas reais da cidade, polo tanto esiximos, e sabemos que van votar a favor, que fagan unha planificación das necesidades da cidade e póñanse a facelas ou esíxanlle á concesionaria que o arranxe porque eses son problemas que non son dignos dunha cidade como Vigo, defendemos claramente a cidade Vigo, que non son dúas rúas, é o Barrio de Teis, un Barrio moi populoso, no que residen moitos

veciños e que están sufrindo carencias que non se poden permitir porque é un barrio do centro desta Cidade.

Teño aquí o que fixemos con cargo ao convenio de Aqualia as melloras na EDAR, os saneamentos na zoa da Praia da Lagoa, a conexión do vertido zoa rede Xeral, camiño de Xorsa, Baixada a Ríos todo iso fíxose cando estaba gobernando o Partido Popular. Se presumen de aprobar tantos orzamentos, resolvan os problemas dos vigueses por favor.

(Está ausente a concelleira do grupo político municipal Socialista, Sra. Silva Rego e a Sra. Cendón Alonso do grupo político municipal do Partido Popular).

**VOTACIÓN E ACORDO:** Por unanimidade dos vinte e cinco membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e feito, acórdase:

1.- Instar á Concellería de Fomento a elaborar un Plan de Mellora de abastecemento e superficie no barrio de Teis no seu conxunto, sen discriminacións por zonas.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES**

**A PRESIDENCIA:** Hai presentada unha moción urxente do Grupo Popular referente ó Estudo de Gravación Vigosónico, insto aos voceiros a que se definan sobre si consideran que é urxente.

**SRA. VELOSO RÍOS:** Nós limos a moción, e tendo en conta que fala dunhas instalacións que se abriron en Marzo de 2011 entendemos que non é urxente o contido da moción para que teña que ser tratado hoxe e introducido como moción urxente fora da orden do día. Efectivamente é un problema que existe e está ben que se traia a este Pleno para tratalo pero pódese tratar exactamente igual o mes que ven.

**SR. LÓPEZ FONT:** Coincido, só fai falla ler o texto que se propón para comprobar que esta moción de urxente non ten nada, como esta moción podería haber quince, vinte ou vinte cinco. Volvemos dende o Grupo Municipal Socialista a non utilizar o

regulamento de forma perversa, isto é un intento de meter unha moción aquí xa o combatemos na Xunta de Voceiros e temos que ser rigorosos como o somos o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista, estamos en contra.

SR. FIGUEROA VILA: Como a interpretación do que se é urxente ou non a fan vostedes, que teñen a maioría, pois fagan o que lles de a gana.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con doce votos a favor dos membros do Grupo municipal do Partido Popular: señores e señoras Alonso Alonso, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Pérez Dávila e Relova Quinteiro e trece en contra do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, acórdase:

Rexeitar a moción do Grupo municipal do Partido Popular.

## **5.- FORMULACIÓN DE ROGOS.**

Non se realizaron.

## **6(18).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

\*PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, REFERENTE AO DESPEDIMENTO DE TRES TRABALLADORES DE DIVERSOS APARCADOIROS DA CIDADE.

Está o Sr. Alcalde de acordo co despedimento de tres traballadores da quenda de noite dos aparcadoiros de rúa Coruña, Praza Fernando o Católico e rúa Venezuela, e que se desatenda aos usuarios nos horarios de noite, cando a empresa concesionaria ten que prestar o servizo as 24 horas.

A PRESIDENCIA: Informareime e contestareille por escrito.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión ás dezanove horas, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

Am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.

Esténdese para facer constar que a presente acta, correspondente á segunda parte da sesión ordinaria do Pleno do mes de xaneiro, punto 3.5 en adiante, que tivo lugar o día 30 de xaneiro de 2013. Consta de 41 folios da serie A numerados do 2726424 ao 2726464, e números do 23 ao 63. Aprobose na sesión ordinaria do Pleno do día 25 de marzo de 2013.

Vigo, a 25 de marzo de 2013

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.

